

FÁLAME DA EMIGRACIÓN
O VALOR DA EXPERIENCIA
EMPRENDEDORES DE NOVOS CAMIÑOS

//Afundación

Obra Social ABANCA

FÁLAME DA EMIGRACIÓN O VALOR DA EXPERIENCIA

«Fálame da emigración» é un programa interxeracional que se insire na liña estratéxica «O valor da experiencia», da área de Envellecemento activo. Esta área constitúe un dos tres eixes de actuación prioritarios de Afundación xunto con Educación Superior e Cultura.

Este programa desenvólvese nos concellos de Galicia onde se sitúan os 11 centros de maiores de Afundación, en colaboración con centros de ensino secundario destas localidades. Nesta primeira experiencia contamos coa participación de **65 maiores e 461 mozos e mozas**.



Creamos espacios
para compartir vivencias, diálogo e emocións

OBXECTIVOS XERAIS


Que as **persoas maiores** lle transmitan á mocidade os coñecementos e experiencias adquiridos ao longo de toda a vida, ao tempo que se enriquecen coa visión da xente nova e se favorece o entendemento mutuo.

Que a **xente moza** se beneficie do legado e da experiencia das persoas maiores, que as coñezan e comprendan mellor, que dialoguen e cooperen con elas, favorecendo o respecto ás persoas en todas as etapas da vida.

Que a **comunidade educativa** incorpore novas modalidades de aprendizaxe, que aproveiten a experiencia das persoas maiores, fomenten o diálogo, a cooperación e o entendemento entre as distintas xeracións.

O PROGRAMA

A experiencia da emigración é o fío condutor do diálogo interxeracional, que toma forma en dous encontros en cada un dos centros educativos. Nos encontros, as persoas maiores e novas comparten experiencias, opinións, saberes... Sendo a vía para a construción de relacións baseadas na reciprocidade e o recoñecemento mutuo.





Afundación leva a cada centro de ensino participante a exposición «Nós tamén fomos emigrantes», un recurso didáctico complementario que recolle unha escolma de imaxes dos arquivos da axencia EFE.

PARTICIPANTES

A Coruña

Centro de Maiores A Coruña

- Michelle Semadeni Jorand
- Josefa Varela Bernárdez
- Joaquín Loncan Este
- Graciela M. Hernández Estrada
- Celestino Mayo Vázquez
- Casimira Araujo Martínez
- Ángel Iglesias Lamela

Centro de Maiores Ferrol

- Isidro Soler Perille
- Fernando Piñón Hermida
- Esmeralda Aldariz Martínez
- Carmen Vidal Barros
- Andrés Gallego Pérez

Centro de Maiores Betanzos

- Antonio Espiñeira Purriños
- Elena Sánchez Edreira
- Isabel Sánchez Edreira
- Elías Martínez Martínez
- José Antonio Fernández López
- José Paz Barreiro
- Sara López Santamaría

Centro de Maiores Santiago

- María Currais Tuñas
- Manuela Álvarez López
- Luis Ángel Montero Viña
- Juan José Cardeso Maroñas
- José M.ª Dapena Pichel
- José Martínez Sampayo
- José Ares Tizón
- Guillermo González Raviña
- Gilberto Ces Lorenzo

Lugo

Centro de Maiores Lugo

- Asunción Dacal Vila
- Jesús Salgado Carballal
- José Luis Mundiña Pozas
- Raquel Blanco Fernández

Centro de Maiores Monforte

- José López Fernández
- Emilio Santiago Santos
- Eliseo Rosende López
- Dolores Pardo Mencía
- Ángela Díaz Villa

Centro de Maiores Pontedeume

- Joaquín Leira Regueiro
- M.ª Carmen Fachal Rodríguez
- Carmen Tenreiro Tenreiro
- José Dopico Freire
- Aurora Aller Vázquez

Ourense

Centro de Maiores Ourense

- Francisco Fernández Guerra
- Marco Isidro Rocha González
- Pilar Tesouro González
- Ana Pérez Pérez
- Corona Paz Díaz
- Dorinda Cid Feijoo
- Elvira Sabucedo Fernández

Pontevedra

Centro de Maiores Vigo

- Juan Ferreiro Pérez
- Virgilio Peláez Martínez
- Berta Lamas Ares
- Blanca Muiña Piñeira
- Ángeles Ayán Burillo
- Aníbal Pérez Gómez
- Antonio Villar González

Centro de Maiores Pontevedra


- Benito Vila Tejo
- José Patricio Recamán
- Olga Leboreiro Baqueiro



CENTROS PARTICIPANTES

11 centros de ensino secundario dos concellos en que os centros de maiores de Afundación desenvolven a súa actividade acolleron o programa.

CP Salesianos San Juan Bosco (A Coruña)
CPI Conde de Fenosa (Ares)
IES Sofía Casanova (Ferrol)
IES Francisco Aguiar (Betanzos)
IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)
IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)
IES María Sarmiento (Viveiro)
Colexio PP Escolapios (Monforte)
IES A Xunqueira I (Pontevedra)
Colexio Los Sauces (Vigo)
IES As Lagoas (Ourense)



falamedaemigracion.afundacion.org

É a páxina en que recollemos as historias de vida contadas polos seus protagonistas, así como as que prepara o alumnado coas experiencias dos seus familiares.

Tamén se poden topar fotografías, vídeos e testemuños que ilustran os encontros e o material didáctico do proxecto.



A close-up, over-the-shoulder shot of a person's hands holding a small, square, black and white photograph. The photograph depicts a group of people, possibly a family, in a candid moment. The person holding the photo is seated at a table with a green tablecloth. In the background, a white plate, a glass of orange juice, and a colorful patterned napkin are visible. The lighting is warm and natural, suggesting an indoor setting. The text is overlaid in the center of the image.

Historias de vida

Emprendedores de novos camiños
Creadores da nosa historia

A Coruña



Michelle Semadeni Jorand

Centro de Maiores Afundación A Coruña

País de destino: O Canadá
Ano de emigración: 1975
Ano de retorno: 1998

Natural de Suíza, Michelle emigra ao Canadá con Ángel, un galego a quen coñece no seu país natal, sendo xa el emigrante alí. Coñécense a raíz de se encontraren a cotío nunha academia de inglés, onde asistían a clases. Compartían curiosidade polas ciencias, particularmente pola física, e a partir de aí vanse facendo amigos. Durante un tempo perden o contacto ao el marchar a outra zona, máis vólvense atopar cando Michelle preparaba un exame de convalidación para exercer como mestra noutro cantón. Daquela comencan a relación que os levaría a casaren.

Dous anos despois, en 1968, xa casados e con un fillo, Ángel marcha ao Canadá. Xa co billete comprado, aconséllalle a Michelle que fique en Suíza e non deixe o seu traballo, ao que ela accede, quedando así co seu fillo. Non será ata o

verán de 1975 cando a familia se reúna no Canadá.

Unha vez alí, Michelle estuda inglés a fondo, e en 1986 consegue dar clases na Escola de Idiomas do Quebec, traballo que compaxina coa realización dun mestrado en lingüística que lle permite exercer como profesora interina no Departamento de Filoloxía da universidade da mesma cidade.

En 1998 o matrimonio cambia de residencia para Galicia, a terra natal do seu home.

Michelle comenta que ela sempre se adapta ben aos sitios e que está encantada de vivir na Coruña, aínda que segue facendo escapadas a Suíza para visitar a súa irmá.



Josefa Varela Bernárdez

Centro de Maiores Afundación A Coruña

País de destino: Venezuela

Ano de emigración: 1954

Ano de retorno: 1989

Josefa criouse cos seus avós nunha aldea preto de Lalín. Con vinte e dous anos decidiu marchar a Venezuela por falta de relación con eles e por non conxeniarse coa súa nai.

En Venezuela había casas de reunión dos galegos, e a xente era moi humilde. Alí casou cun español e tivo unha filla. Despois separáronse e ela sacou a súa filla adiante e deulle estudos, chegando esta a ser médica.

Josefa traballou moi duramente na igrexa dos Dominicos, e en 1989 decidiu retornar pola situación que vivía o país. A súa filla non quixo vir para Galicia, e ela seguiu visitando Venezuela cada ano ata 1997, cando tomou a decisión de non volver porque aquel xa non era o lugar que ela coñecera.



Joaquín Loncan Ester

Centro de Maiores Afundación A Coruña

País de destino: A Arxentina

Ano de emigración: 1952

Ano de retorno: 1972

En 1950 a familia de Joaquín decidiu emigrar á Arxentina, xa que o Goberno arxentino reclamaba o seu irmán maior, que nacera alí, para facer o servizo militar. En 1952, cando conseguiron amañar toda a documentación, marchou para o país americano no buque *Cabo de Buena Esperanza* xunto cos seus pais e irmáns.

Joaquín comezou a traballar con quince anos como aprendiz nunha oficina, unha sociedade que administraba as propiedades das familias máis influentes da Arxentina, as que chegou a coñecer. Pola noite estudaba, sempre en colexios públicos que daban todo tipo de facilidades, e en 1960 conseguiu o título de perito mercantil.

Despois deste viñeron outros empregos: nunha fábrica alemá de tractores, noutra francesa de champaña como contable e encargado da administración, e en 1968 nunha empresa metalúrxica, ata que en 1972 regresou a Pontevedra.

Joaquín lembra Bos Aires como unha cidade marabillosa, moi diferente ás cidades da España dos anos cincuenta, con moitísimas posibilidades para vivir ben. Aínda que houbo emigrantes que non puideron volver debido ao pouco valor da moeda, non foi o seu caso.



Graciela M. Hernández Estrada

Centro de Maiores Afundación A Coruña

País de destino: España, Venezuela

Ano de emigración: 1954

Ano de retorno: 1995

Graciela Margarita fixo o camiño contrario, de Venezuela a Galicia. Esta venezolana que vivía no centro de Caracas cóntanos a historia do seu home, un emigrante galego no país sudamericano.

Serafín Portugal emigrou a Venezuela en 1954 porque a situación en España era caótica. A súa nai, mestra rural, non cría que a situación fose mellorar, polo que aconsellou o seu fillo que marchase, non a gañar diñeiro, senón que fose a un país con futuro e en onde non houbesen grandes desigualdades. Serafín pensou nos EE. UU., onde lle ofrecían traballar coidando gando, mais como non tiña experiencia escolleu Venezuela, nun momento en que un bolívar valía ao troco 32 pesetas.

Serafín marchou co título de bacharel e en Venezuela estudou ciencias sociais. Foi supervisor no Instituto Nacional de

Vivenda, onde mil cincocentas persoas dependían del. Colaborou como filántropo no programa de cultura do Centro Galego e todos os domingos tiña un programa, *Sempre en Galiza*, nunha emisora de radio. Ademais, escribiu varios libros, como *Vivencias dun galego en Venezuela* e *Reflexións dun emigrante retornado*. Celso Emilio Ferreiro dependía del na Secretaría de Cultura.

En 1995, debido ao empeoramento das condicións de vida e das perspectivas de futuro en Venezuela, o matrimonio decide comezar unha vida nova en Galicia, sobre todo pola insistencia dela.

A experiencia de Graciela Margarita coa emigración é dobre, primeiro polos seus vínculos coa emigración galega e o activismo cultural en Venezuela, e despois como inmigrante en Galicia.



Celestino Mayo Vázquez

Centro de Maiores Afundación A Coruña

País de destino: O Brasil
Ano de emigración: 1959
Ano de retorno: 1973

Celestino marchou a Río de Xaneiro con tan só 500 pesetas no peto (3 €) levado polo seu afán de aventura. Ao ver chegar os emigrantes de Venezuela que volvían con fortuna, quixo probar sorte naquel país, mais tivo que optar polo Brasil ao se cerrar a cota de emigración ao país venezolano.

Cando chegou a Río foi acollido na casa polo seu cuñado, e ao día seguinte xa conseguira un emprego como zapateiro, traballo que xa exercera antes en España. Mais o soldo nese emprego era pouco e non lle permitía aforrar, todo o que gañaba gastábo en comer, así que lle pediu ao seu cuñado, que era xefe de cociña no mellor restaurante de Río, que o levase traballar con el servindo bebida e sobremesa. Ese traballo permitiulle aforrar uns cruzeiros, xa que comía e ceaba gratis no restaurante.

Como o seu horario de traballo era de 16.00 a 24.00 h, de 7.00 a 15.00 h seguía a traballar de zapateiro, e así estivo uns meses ata que non aguantou máis e decidiu mercar un taller de zapatería que pagou ao contado por 180 000 cruzeiros. Ao mes, despois de axeitalo un pouco, comezou a traballar nel, e a partir de aí todo foi sobre rodas: mercou unha casa e comezou a enviar diñeiro para España.

O Brasil deulle a Celestino grandes amigos e experiencias: enrolouse nunha escola de samba, coñeceu un almirante xubilado cliente da zapatería que lle regalou un talonario de entradas para ir ao Maracanã ver partidos de fútbol e así coñeceu a Zagalo, xogador de fútbol naquel momento que chegou a ser adestrador da selección do Brasil.



Casimira Araújo Martínez

Centro de Maiores Afundación A Coruña

País de destino: A Arxentina
Ano de emigración: 1952
Ano de retorno: 1972

Casimira marchou con dez anos para Bos Aires, en 1952, xunto coa súa familia. Xa tiñan parentes na emigración arxentina que lles daban novas da boa situación alí, e ao enfermar a súa nai, que tiña un ultramarinos nunha aldea, a familia decidiu emprender camiño a América.

Á súa chegada foron vivir con Antonio, un tío do seu pai, e estiveron dous anos ata que aforraron para mercar unha casa nun barrio de Bos Aires, onde tiñan uns veciños extraordinarios cos que formaban unha gran familia.

No comezo Casimira estudaba nas Calasancias, o mesmo colexio ao que ía en

Pontevedra, mais despois cambiou para a escola pública, que era gratuíta e de calidade.

Con dezaseis anos, nun baile, coñeceu o que hoxe é o seu home, un emigrante aragonés que chegara o mesmo día ca ela á Arxentina noutro barco, e despois de tres anos de noivado deron en casar. Teñen catro fillos, tres deles nados na Arxentina e o máis pequeno, en España.

Casimira conserva na Arxentina moi bos amigos cos que mantén constante comunicación e visita con certa frecuencia.



Ángel Iglesias Lamela

Centro de Maiores Afundación A Coruña

País de destino: O Canadá, Suíza
Ano de emigración: 1959
Ano de retorno: 1998

Ángel Iglesias naceu no municipio de Maceda, Ourense, sendo o maior de oito irmáns. Con trece anos marchou estudar ao mosteiro dos Milagres, rexentado polos padres Paúles, e despois foi percorrendo diferentes seminarios en Vilafranca do Bierzo, Santander, Hortaleza, Cuenca e Salamanca. Con vinte e catro anos volveu a Maceda, e foi cando tomou a decisión de emigrar para proseguir cos seus estudos, mais antes tiña que facer o servizo militar, pois era a única maneira de obter os papeis.

Entrementres, Ángel estableceu contacto con dúas mozas, unha en Suíza e outra en Glasgow. Finalmente decantouse por Suíza, e en 1959 chegou ao país despois de trinta horas de tren. Esa noite durmiu na estación, e ao día seguinte reuniuse coa familia da rapaza, que lle buscou emprego nun hotel lavando a louza e lle asegurou comida e aloxamento durante dous meses antes de que se cerrase a tempada. En previsión, Ángel púxose en contacto co capelán dos españois e conseguiu traballo nun colexio privado como vixiante dos estudantes, podendo asistir á clase nas horas libres.

Durante os anos que estivo alí conseguiu levar todos os seus irmáns. En 1961 comezou a estudar física e matemáticas na universidade e fíxose co seu primeiro vehículo para desprazarse, unha bicicleta. No verán traballaba nunha fábrica de cociñas para pagar os seus estudos, logrando así rematar un mestrado en física e matemáticas que lle permitiu buscar emprego como profesor en colexios privados. A aspiración de Ángel era traballar nun centro público, xa que as condicións eran mellores, mais ao ser estranxeiro, non podía acceder a unha praza pública, polo que decidiu cambiar de país.

Entre Australia e O Canadá decidiuse por este último, debido ás facilidades que lle ofrecían na embaixada canadense en Berna. En xullo de 1968, grazas ao Servizo de Emigración canadense, conseguiu unha praza como profesor de matemáticas nunha escola de formación de mestres. Ao ano creouse a Universidade do Quebec e a escola onde traballaba foi integrada na universidade, e con ela os profesores. Estableceuse con posto fixo e ofrecéronlle facer o doutoramento en Lión, Francia, onde leu a súa tese. En maio de 1975 regresou ao Canadá coa súa muller e o seu fillo.

Ángel valora a súa experiencia na emigración como moi enriquecedora. Durante os nove anos que estivo en Suíza sempre se sentiu como un estranxeiro, mais nunca tivo esa sensación nos trinta anos que pasou no Canadá. Aínda así, como bo galego, sentía morriña da súa terra e sempre quixo regresar, porque alá o inverno era aínda máis longo e a familia estaba lonxe. Dos seus fillos, un quedou no Canadá, e o outro, que estudou enxeñería, pasou por Tolosa, Bristol, ou Hamburgo.

A CORUÑA
COLEXIO PLURILINGÜE SALESIANO
SAN JUAN BOSCO

«Foi unha boa maneira para concienciarnos de que ás veces tes que aprender a adaptarte a situacións que nunca pensaches que ías vivir»

Paula Pérez Candal, 3º ESO

«Pareceume moi interesante que persoas maiores nos veñades falar das vosas experiencias. Fíxome pensar e razoar sobre o tema e, ademais, foi divertido»

A. Ovejeiro López, 3º ESO

«Grazas por compartir con nós as vosas historias. Sodes unhas persoas maravillosas. Ogallá veñades outra vez!»

Tania Adrover Fernández, 3º ESO

«Os encontros foron moi satisfactorios e produtivos, ademais de que nos axudaron a coñecer máis sobre outras culturas e lugares do mundo»

Jorge Peña Veira, 3º ESO

«Emocionante, fascinante, brutal, sublime»

David Fernández Murciego, 3º ESO

«Seguide a contar as vosas experiencias, xa que iso non se ensina nos libros e, na miña opinión, é unha das partes máis importantes da nosa cultura»

Eva Prado Castro, 3º ESO

Ferrol



Isidro Soler Perille

Centro de Maiores Afundación Ferrol

País de destino: Venezuela
Ano de emigración: 1976
Ano de retorno: 1989

As condicións de emigración de Isidro foron diferentes ás actuais, e di que se lle rompe o corazón ao ver hoxe aos mozos e mozas de Galicia teren que marchar por motivos laborais. Isidro marchou a Venezuela en 1976, estando xa casado e con fillos, coa súa empresa galega para facer obra fóra das nosas fronteiras.

Ía por seis meses que se converteron en trece anos, xa que un amigo que tiña bos contactos no país lle aconsellou quedar alí ao finalizar o traballo coa empresa. Venezuela era un país de oportunidades e Isidro non dubidou un intre quedar alí. Nas seguintes semanas, o amigo pagáballe o hotel e dáballe diñeiro mentres facía as xestións para buscarlle un traballo na construción naval.

Encontroullo nun estaleiro en Sucre, na cidade de Cumaná, onde se instalou de maneira permanente coa súa muller e os seus fillos nun piso cedido e amoblado pola propia empresa. Déronlle moitas facilidades. Estivo traballando alí ata o ano 1983, cun salario bo para manter a familia e para viaxar a Galicia nas vacacións.

Posteriormente mudáronse a Caracas, onde viviron moi ben cinco anos ata que houbo o levantamento social provocado pola subida da fariña para a arepa, alimento básico para as clases máis necesitadas, o que provocou episodios vandálicos e de inseguridade cidadá. Este acontecemento fixo que tomaran a decisión de regresar, primeiro el xunto coa súa muller e despois os seus fillos.



Fernando Piñón Hermida

Centro de Maiores Afundación Ferrol

País de destino: O Brasil
Ano de emigración: 1960
Ano de retorno: 1967

En 1960 Fernando emigrou ao Brasil na procura dunha mellora na súa calidade de vida. Como operario de Bazán no Ferrol dos anos sesenta, as condicións laborais non respondían ás súas expectativas. Tras quince días de viaxe nun barco de pasaxe e de carga chegou ao Brasil, e trasladouse á cidade de São Paulo.

O Brasil abriulle as portas a Fernando, xa que para obter un visado, en contraste co que sucedía en países coma A Arxentina, O Uruguai ou Venezuela, O Brasil admitía emigrantes sen necesidade de que fosen reclamados por un familiar xa residente.

Resume a súa vida alá con esta rotunda afirmación: «teño que estar sempre agradecido a ese país, a acollida foi moi boa e os brasileiros son moi abertos». De feito, a súa boa e rápida integración conduciu a que a súa muller se reunise con el ao cabo dun ano, en 1961. Alí naceu tamén o seu fillo.

En São Paulo, a súa formación no sector industrial facilitoulle atopar emprego nunha multinacional de fabricación de turbinas para centrais eléctricas, onde empezou como torneiro e acabou como encargado da oficina técnica.

En 1967 decidiron volver, xa que os seus pais contábanlle por carta a melloría da situación económica en Galicia. Porén, «arrepentinme de regresar ao chegar aquí e comprobar que todo seguía igual que cando marchamos, xa que São Paulo naquel entón era unha cidade próspera, cun ambiente moi europeo, moi moderna e o motor da industria no Brasil», di Fernando.

A súa vida de emigrante na procura de traballo no sector industrial continuou unha vez en España. Por ese motivo marchou a Vitoria e Barcelona, e finalmente volveu a Ferrol no ano 1975 para se incorporar ao cadro de persoal de Bazán.



Esmeralda Aldariz Martínez

Centro de Maiores Afundación Ferrol

País de destino: Os EE. UU., Venezuela

Ano de emigración: 1964

Ano de retorno: 1972

Esmeralda emigrou de moi nova, animada pola presenza de catro dos seus irmáns en Venezuela, que gozaban dunha boa posición económica. Procedía dunha familia labrega, numerosa, polo que a emigración era a súa saída natural, e os galegos estaban moi ben valorados e tiñan moitas facilidades para encontraren traballo.

Venezuela era un país moi avanzado industrialmente e encontrou un emprego de interna cunha familia coidando os seus dous fillos. Durante dous anos ía polas tardes ao Centro Venezolano Americano para aprender inglés, xa que outra das súas irmás vivía nos EE. UU. e a súa idea era marchar para alí.

En 1966 mudouse á cidade de Madison, estado de Wisconsin (Os EE. UU.),

tamén de interna, coidando un neno dun ano. Como o inverno era moi frío, ao cabo dun ano trasladouse a Florida, buscando o mar e un mellor clima. Estivo nese estado cinco anos maravillosos, onde seguía formándose e mellorando o inglés, levada pola súa inquietude por aprender. Alí fixo amizade con moi boa xente de moitas comunidades.

As súas condicións laborais permitíronlle ter unha boa vida, casa propia e coche, e puido viaxar e coñecer bastantes cidades americanas e vir de vacacións todos os anos a Galicia. A diferenza dos modernos EE. UU. coa súa Galicia natal era abismal, mais decidiu regresar por amor, cando nunhas vacacións coñeceu o seu marido.



Carmen Vidal Barros

Centro de Maiores Afundación Ferrol

País de destino: Holanda
Ano de emigración: 1964
Ano de retorno: 1971

Cando o home de Carmen quedou sen traballo pensou en se embarcar, mais como desexaban estaren xuntos, decidiron emigrar. Foi esta unha escolla dura, mais que reflexionaron fondamente por non veren oportunidades en Galicia.

O destino escollido polo matrimonio foi Rotterdam, animados por outros amigos que traballaban alí, unha cidade de que gustaran cando a visitaran como turistas. Rotterdam, cuxo porto nos anos sesenta era importantísimo, descubriulles outro mundo. Naquel momento saíra aprobada unha normativa conforme a cal as persoas estranxeiras que non tivesen traballo tiñan que abandonar o país, polo que tiveron que solicitar permiso e conseguiren traballo.

Carmen sabía costura e comezou a traballar nunha fábrica de confección. Os

comezos foron difíciles porque era un traballo en cadea, cun límite de vinte e cinco pezas por hora, cando ela estaba acostumada a un traballo máis coidado e artesanal. Pola súa banda, o home dela traballaba nos tranvías da cidade.

En Rotterdam relacionábanse con moitos españois e moitos galegos, o que lle dificultou a aprendizaxe do idioma, mais Carmen integrouse con facilidade. Tiñan unha boa vida e mercaban cousas que en Galicia aínda non existían. O país acolleunos marabillosamente, e boa proba diso é que ao seu home lle recoñeceron unha pensión con trinta e cinco anos, algo que aquí era impensable. Carmen comenta que non só non se arrepiñe do que fixeron, senón que bendí o momento en que tomaron esa decisión.



Andrés Gallego Pérez

Centro de Maiores Afundación Ferrol

País de destino: Australia
Ano de emigración: 1963
Ano de retorno: 1978

Andrés tiña traballo fixo na siderurxia en Xixón, estaba casado e tiña unha filla de cinco anos. Pero, ademais das circunstancias políticas, nel había unha inquietude por coñecer mundo e viaxar, e xa os seus tíos viviran a experiencia da emigración a Cuba. Nun primeiro momento pensou na Arxentina como unha posibilidade, mais na oficina de emigración ofrecéronlle Australia, que xunto co Canadá eran os mellores destinos naquel momento. Foi así como a súa muller, a súa filla e el colleron o barco en Vigo. A viaxe durou vinte e seis días, e Australia facíase cargo de todos os custos.

Ao pouco tempo de chegaren, o Goberno proporcionoulles unha casa. Inicialmente comezou limpando vagóns de tren, e ao cabo dun ano tivo a oportunidade de traballar como sol-

dador nunha fábrica de tractores, onde acabou como encargado. Na súa vida alí puido relacionarse con traballadores de moitísimas nacionalidades: polacos, italianos, chineses... A diferenza de Australia con Galicia era enorme: «Aquí lavábase a roupa á man, en ríos ou lavadoiros públicos e secábase ao aire, mentres que alí había lavadoras e secadoras, onde botabas a roupa e ao cabo dunhas poucas horas a podías volver a poñer sen ter feito ningún esforzo».

Naquel país Andrés tiña un bo salario e unha vida intensa e de calidade, non botaban nada en falta. Mantiña contacto por carta cos seus familiares e todos os anos viaxaban a Galicia de vacacións. Aínda que lle gustaba vivir en Australia, Andrés decidiu volver ao morrer a súa filla e posteriormente a súa muller.

FERROL
IES SOFÍA CASANOVA

«Grazas por esta experiencia, volvería repetila as veces que fose»
Lucía Vilariño Martín, 2º ESO

«Tedes que estar orgullosos. Sodes dignos de admiración. Moitas grazas pola vosa amabilidade»

Marina Pedreira Griñán, 2º ESO

«Grazas por contarnos as vosas historias, aprendemos moito e encantaríanos volver a vos escoitar de novo»

Andrea Prado Uriz, 2º ESO

«A vosa vida foi interesante e con moitas aventuras, gustoume moito»

Daniel Dapena Calvo, 2º ESO

«Tivestes moita coraxe en facer todas esas viaxes, e se tedes netos transmitídelles as vosas experiencias!»

Luis Xavier Do Rego Ramil, 2º ESO

«Chamoume a atención o moito que cambiaron as cousas nos últimos anos aquí en Galicia»

Yanira Astolfi Estévez, 2º ESO

Betanzos



Antonio Espiñeira Purriños

Centro de Maiores Afundación Betanzos

País de destino: O Reino Unido

Ano de emigración: 1963

Ano de retorno: 1973

Aínda que Antonio traballaba como taxista, aos vinte e nove anos decidiu marchar a Inglaterra para mellorar economicamente. Chegou a Londres en 1963 sen saber nada de inglés e como el mesmo di, «sabendo ler, escribir e pouco máis». Porén, a inmersión lingüística no país foille bastante doada, axiña se soltou co idioma ao comezar a traballar e botar horas a diario con ingleses.

Fixo todo tipo de traballos na hostalería, na limpeza de hoteis, como axudante de cociña, de panadeiro... Ninguén lle ensinou ningún dos oficios, mais foi aprendendo a forza de se fixar nos demais; así foi escalando ata chegar a cociñeiro.

Antonio emigrou a Londres coa súa parella, daquela xa estaba casado, e ao ano de chegar tiveron unha nena. Con

este motivo, a muller viaxou de novo a Galicia coa pequena para deixala ao coidado dos avós, como facían tantas outras familias; botou seis meses e volveu a Inglaterra para seguir traballando de camareira.

A vida de Antonio na emigración estivo consagrada ao traballo sen descanso, os días que tiña libres no hotel aproveitábaos para traballar na cociña doutro restaurante. O seu obxectivo era aforrar diñeiro para volver axiña e montar un bar na Coruña, aínda que os seus plans non chegaron a termo. Acabaron botando no Reino Unido dez anos, e ao retornar pola volta do ano 1973 pasou a ser xefe de cociña na mariña mercante en varios barcos, co cal seguiu percorrendo mundo.



Elena Sánchez Edreira

Centro de Maiores Afundación Betanzos

Filla de emigrantes
Ano de emigración: 1963
Ano de retorno: 1975

Elena non garda bos recordos da emigración. Ela non emigrou en primeira persoa, pero tivo que sufrir a marcha dos seus pais. Esta situación foi unha carga importante para moitas familias que daquela vivían o adeus. Avós ou tíos que quedaban ao cargo dos nenos, os propios meniños que se decataban da falta da nai e do pai, tiveron que vivir unha situación moi difícil, que moitos deles aínda arrastran hoxe.

O caso de Elena deuse cando tiña doce anos e o seu pai decidiu emigrar a Venezuela. Non volveu saber máis nada del durante corenta e catro anos, nada menos. Tan só recibían os cartos que con sacrificio lles podía mandar. Pola

súa banda, súa nai, unha muller afouta que tamén pretendía mellorar a situación da familia, anos despois emprendía viaxe cara a Inglaterra, a Londres. E desde alí enviaba tamén cartos para a casa, onde quedara a avoa ao coidado dela e mais das súas irmás. Coa súa nai só conseguía falar por carta, así que en xeral tampouco con ela mantiña moito vínculo.

Anos despois conseguiron volver, primeiro a súa nai e despois o seu pai. Para Elena a familia sempre se debería manter unida, e eles, coma tantos outros, perderon iso pola mellora da economía no fogar.



Isabel Sánchez Edreira

Centro de Maiores Afundación Betanzos

País de destino: O Reino Unido

Ano de emigración: 1963

Ano de retorno: 1975

Filla de emigrantes, Isabel sufriu a marcha do seu pai a América, concretamente a Venezuela, para non volver ter máis contacto con el ata o fin dos seus días. Ela marchou con dezanove anos a Londres, buscando oportunidades de traballo e estudo. Alí viviu con monxas ás que axudaba na cociña ou na limpeza.

O primeiro ano foi moi duro, a integración foi difícil e a morriña pesaba, mais as súas ansias por mellorar empurrárona a facer un curso de secretariado e puxo todo da súa parte para aprender o idioma.

Isabel valora como moi positiva a súa experiencia na emigración, tanto no cultural coma no económico. O que máis lle chamaba a atención de Londres era que a sociedade era máis aberta, menos machista. Os homes tamén fre-gaban e facían traballos de todo tipo.

A pesar das dificultades coñeceu xente marabillosa, aprendeu o idioma, casou, tivo un fillo... Tras doce anos no estranxeiro, en 1975 a familia regresou para que ao seu fillo non lle custase a adaptación aquí.



Elías Martínez Martínez

Centro de Maiores Afundación Betanzos

País de destino: Francia
Ano de emigración: 1962
Ano de retorno: 1968

Nado no Bierzo, Elías emigrou a París con vinte e tres anos. Despois de se ter dedicado media vida aos labores do campo, decidiu que eran horas de arrancar e buscar un mellor porvir. Debía tomar xa unha decisión, así pois, deu un paso á fronte e meteuse nun tren con dirección a París. A sorte acompañouno na viaxe e xusto coñeceu unha persoa que lle falou dun posible traballo nunha fábrica da Citroën na capital francesa, así que chegou á gran cidade cun sitio ao que se dirixir. E así foi como quedou alí a traballar na montaxe de soldadura.

Integrouse ben porque axiña se comezou a entender co francés, lembra cando se puxera a estudar os infinitivos nun pequeno libríño para aprender francés en dez días. Como vía que era unha situación favorable, transcorridos oito meses volveu decidido a casar coa súa moza en España, para xa volveren os dous xuntos e tamén ela poder atopar traballo, cuestión que non resultou difícil.

Ao final, estiveron alí cinco anos, tiveron un fillo e decidiron volver antes de que o rapaz se acostumase demais a aquela cultura, á cidade. Os seus plans eran volver á casa e sabían que a cousa se complicaría se o neno medraba alí e comezaba a facer a súa vida en Francia.

Elías garda moi bos recordos de París. Recordaba unha sociedade aberta e menos machista do que aquí, xa que os homes participaban das tarefas da casa, facían a compra e cociñaban. Tamén lle chamaba a atención o coidadosos e limpos que os parisienses eran coa súa cidade; de feito, lembra que un dos primeiros días que tiveran libre foran pasear a un parque e ao deitárense na herba unhas señoras chamáranlle a atención. Ademais resultábanlles chocantes pequenos adiantos que nunca antes viran, coma a carne presentada nos supermercados en bandexas de poliestireno. Para Elías «o éxito ou o fracaso da emigración é a capacidade de se adaptar».



José Antonio Fernández López

Centro de Maiores Afundación Betanzos

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1967
Ano de retorno: 2003

José Antonio emigrou a Suíza con vinte e catro anos animado ao ver o éxito doutras persoas coñecidas que marcharan antes ca el. A integración no novo país foille boa de levar, sobre todo ao conseguir dominar un pouco o idioma, ademais de que para el o trato alí sempre fora moi correcto. O traballo nunca lle faltou, fose na hostalería, na construción ou en correos, sempre tiña a onde ir, ao tempo que aprendía moitos oficios diferentes.

Todo o tempo que estivo alí mantivo os seus vínculos cos familiares e amigos, primeiro por carta e despois por teléfono, ata que aos sesenta anos regresou a Galicia.

Aínda que José se integrou ben no país de acollida e a súa vida alí foi satisfactoria e resultou unha experiencia positiva, nunca perdeu a súa identidade galega. Entender a cultura allea, mantendo viva a súa propia, foi unha cuestión importante para el, era a maneira de aprender e formarse, aceptando primeiro as súas raíces. «Ademais, naquela época os españois non tiñamos moita formación», comenta.



José Paz Barreiro

Centro de Maiores Afundación Betanzos

País de destino: Panamá, Venezuela

Ano de emigración: 1950

Ano de retorno: 2007

En 1950, con catorce anos, José emigró a Panamá, onde tamén estaba seu pai, e catro anos despois marchou a Venezuela, un destino moi común naquel entón. Este último país deulle moitas oportunidades: con dezanove anos entrou a traballar nunha institución militar durante nove meses, logo lavando pratos, como camareiro e mesmo como secretario.

Con moito esforzo e sacrificio traballaba polo día e cursaba bacharelato por nocturno, a que considera a mellor decisión da súa vida, xa que lle permitiu, como el di, non traer moito no peto, pero si no cerebro. Despois matriculouse en psicología e no ano 1971 comezou a traballar na universidade. Casou cunha compañeira de estudos e tiveron tres fillos, os tres con estudos universitarios.

Para José o problema que ten a emigración é a adaptación aos costumes, á cultura, mais considera que se el o fixo, tamén calquera o pode facer. «Non por intelixencia, senón pola miña habilidade para adaptarme ao país; puiden estudar, graduarme e graduar tres fillos. Calquera que faga o esforzo e teña intelixencia adaptativa pode facelo». Para José a readaptación en Galicia está a ser dura, de feito, comenta que lle está a custar máis do que podía imaxinar.



Sara López Santamaría

Centro de Maiores Afundación Betanzos

País de destino: O Reino Unido

Ano de emigración: 1963

Ano de retorno: 1975

Sara puxo rumbo a Inglaterra, concretamente a Londres, cando tan só contaba dezaseis anos de idade, acompañando a súa tía. Aos dous anos de chegar, con dezaioito, comezou a traballar no servizo doméstico, onde recoñece terse sentido respectada, aínda que no sector había certo abuso laboral. Ata o momento de comezar a traballar, asistiu a un colexio alí para aprender mellor o idioma.

Londres converteuse entón no seu destino durante oito anos seguidos e, aínda que ao primeiro ela mesma confesa terse sentido soa, acabou por se adaptar facilmente á gran cidade ao facer amigos ingleses. Integrouse moi ben na vida social da capital británica.

Despois de oito anos, comezou a alternar estadias en Londres e España ata rematar definitivamente de volta na casa. O regreso fíxoselle estrño, a rutina aquí era moi distinta, xa non se afacía e botaba en falta moitos dos costumes do país de acollida. Para Sara a experiencia da emigración foi moi positiva, aínda que hoxe teña saudade de Inglaterra.

BETANZOS
IES FRANCISCO AGUIAR

«Esta vivencia cambiou moito a miña visión das persoas maiores, porque normalmente os novos cremos que non poden ensinarnos nada e non podemos enlazar unha amizade con eles. Estaba equivocada, podemos ter amigos de todas as idades e aprender de todo o mundo»

Yasmin Pernas Dios, 2º ESO

«Quero agradecervos que vos ofrecerades voluntarios para contarnos a vosa experiencia e que volverades para escoitar as nosas»

Saray Travanca López, 2º ESO

«Pareceume unha moi boa experiencia, xa que puidemos aprender moito de vós. Espero que vós aprenderades algo de nós»

Roque Bouza Santiso, 2º ESO

«Gustoume que nos preguntardes pola nosa experiencia e poder ensinarvos cousas que vós descoñecíades»

Nicole Souto Meghazi, 2º ESO

«Moitas grazas por contarnos a vosa historia. Para min sodes inspiración e désteme unha forza enorme para loitar por conseguir os meus soños»

Andrea Abrados Guerra, 2º ESO

«Grazas pola valentía que tivestes, por vir contar as vosas historias, por facernos rir con cada unha das vosas anécdotas, por vernos pola rúa e parar a falar con nós»

Daniel Becerra Mosquera, 2º ESO

Santiago



María Currais Tuñas

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: Venezuela

Ano de emigración: 1964

Ano de retorno: 1993

A historia de María en Venezuela veu marcada polo amor. Foi dar á cidade de Caracas con vinte e un anos ao casar cun rapaz galego que xa levaba varios anos emigrado. Nunha das viaxes de volta a Galicia coñecéronse e comezou a aventura para ela.

O seu marido tiña unha fábrica de zapatos en Caracas, e María traballou alí cosendo. Despois deste negocio chegaron a ter unha hospedaxe, e el traballou tamén como taxista. Gran parte da súa vida social no país xiraba arredor da Irmandade Galega de Caracas, da que eran socios, mais tamén estaban moi integrados na vida da sociedade venezolana. Para explicar a dobre identidade que María sentía como emigrante, cita unha frase do seu fillo, que lle dicía: «De portas para dentro viviamos en Galicia e de portas para fóra en Venezuela».

Sempre mantiveron os vínculos coa familia en Galicia, e viñan regularmente de visita cada catro anos. Nos trinta anos que estiveron alí sempre pensaron en volver, mais finalmente, despois de tanto tempo, foron os seus fillos quen precipitaron a decisión do retorno en 1993 pola crecente inseguridade de Caracas e o empeoramento da situación económica.

Para María o retorno foi unha experiencia de certo desarraigo, moito máis difícil que a ida, «es maior, os amigos de antes xa non o son e tes moi pouco en común coa xente de aquí» [...] «Xa non sabes de donde es». María en Caracas tiña dous negocios, e ao chegar aquí con cincuenta anos e sen actividade, resultoulle dura a adaptación. O seu fillo dicíalle: «Pasaches trinta anos da túa vida pensando en Galicia e agora que estás aquí estás a pensar en Venezuela».



Manuela Álvarez López

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: O Brasil
Ano de emigración: 1956
Ano de retorno: 2008

Manuela emigrou ao Brasil en 1956 pola súa vocación relixiosa cando contaba con vinte anos. Durante os cincuenta e dous anos que estivo no país, Manuela viviu en diferentes lugares e realizou varios proxectos de carácter social.

O seu primeiro destino foi Río de Xaneiro, un lugar ao que lle custou adaptarse nun principio polo seu clima caloroso. Alí traballaba nun centro con sesenta

e catro internas, mulleres que exercían a prostitución, ás que apoiaban e axudaban para que non fosen enganadas nin explotadas, proporcionándolles orientación e formación nunha escola con quendas de mañá. Outra parte do seu traballo consistía en recadar fondos para financiar este proxecto de atención social entre as familias das zonas máis ricas de Río de Xaneiro, Copacabana ou Ipanema.

Despois foi a Curitiba, capital do Paraná, cidade madeireira onde estivo trinta e nove anos traballando nun centro de atención a adolescentes con problemas de conduta procedentes de familias desfavorecidas. Alí ofrecían un comedor para os nenos e nenas e atención integral ás familias, reforzo escolar, distribución de alimentos e incluso un pequeno ambulatorio médico onde daban atención sanitaria a todas as persoas que o precisaban. Durante este período Manuela residiu nunha favela, en que moitas casas non tiñan electricidade, nin auga corrente, nin sequera sanitarios.

Tamén prestaban axuda para a reconstrución das vivendas, xa que moitas casas caían.

A súa última etapa no Brasil pasouna en Belo Horizonte, no estado de Minas Xerais, onde, a pesar da enorme riqueza natural, hai unha gran desigualdade na distribución dos recursos e moitas persoas en situación de pobreza.

O seu retorno a Compostela produciuse no 2008, e aquí segue involucrada na acción social das Irmás Oblatas, que en colaboración con Cáritas Diocesana ofrecen apoio a mulleres que exercen a prostitución e ás súas familias, e a mulleres que son vítimas da trata con fins de explotación sexual.

Manuela valora a súa experiencia no Brasil como moi positiva, un país onde se sentiu sempre moi ben acollida e onde recibiu moitas facilidades para a vivenda.



Luis Ángel Montero Viña

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: O Reino Unido

Ano de emigración: 1961

Ano de retorno: 1969

En 1961 Ángel traballaba como vendedor nuns coñecidos almacéns composteláns, tiña un bo traballo e ben remunerado, mais como era unha persoa inqueda e moi activa culturalmente, tivo a idea de estudar inglés por correspondencia. Con vinte e sete anos inscribiuse nun encontro con Inglaterra que organizaba a Universidade de Santiago, e así foi como o 27 de maio de 1961 ás dez da noite colleu o tren a Medina del Campo, logo ata Irún, e despois ata París para, finalmente, cruzar a canle da Mancha. Así chegou á estación Vitoria de Londres tras catro días de viaxe.

Empezou a traballar nun restaurante lavando pratos e servindo mesas, mais

axiña cambiou de traballo, pasando por varios hoteis. Naquela época alí había moitas posibilidades profesionais e con mellores condicións. Era doado cambiar de lugar de traballo, algo que fixo de forma moi recorrente. Pedir a conta e deixar un traballo para atopar outro ao día seguinte era do máis normal.

Ángel volvía cada ano e medio a Galicia, e nunha desas viaxes de retorno mercou un terreo. Así, decidiu volver e construír unha casa, e deste xeito comezou unha nova etapa en Galicia como empresario da construción. Para el a emigración foi unha experiencia vital moi enriquecedora.



Juan José Cardeso Maroñas

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: Venezuela
Ano de emigración: 1957
Ano de retorno: 1982

Juan José é dunha aldea da Baña. De pequeno ía á escola, mais eran moitos alumnos, sesenta nunha aula para un único profesor. Afirma que o pouco que aprendeu foi cun familiar que lles daba clases nunha palleira.

Traballou desde os dez anos na barbería do seu pai: «Facíao moi ben e era máis rápido ca el», mais o negocio empezou a perder clientes a medida que gran parte dos seus veciños empezaron a marchar á emigración. Á Baña chegaban noticias da próspera situación de Venezuela e da posibilidade de facer fortuna, de aí que José axiña tivo o desexo de marchar. Con doce anos xa quería irse, aínda que os pais non o deixaron. Foi con dezasete que embarcou no peirao da Coruña, despois de lle deixar os cartos súa avoa, que era tratante de gando e unha muller de moito carácter.

Vinte días despois de emprender a viaxe chegou a Caracas. Naquela altura era unha cidade moi avanzada, había moita maquinaria, coches, e as barberías tiñan

outro tipo de aparellos que aquí non había. Axiña atopou traballo de axudante, mesmo chegou a traballar na mellor barbería da cidade onde tiña como clientes ministros e altos cargos da policía e do exército venezolanos, e en tan só seis meses conseguiu devolver os cartos que debía da pasaxe. Pola volta dun ano xa tiña a súa propia barbería.

Juan José lembra as dificultades polas que pasou, e conta que a integración non lle resultou doada; ten numerosas anécdotas ao respecto, nunha delas lembra un venezolano que lle dicía: «Gallego, si no estás a gusto aquí, vas para junto de Franco».

Malia todo, ten unha visión positiva do que supuxo a emigración para Galicia. Por causa dela, construíronse moitas escolas no país financiadas polos retornados, que tomaron conciencia a prol da educación ao veren as burlas e discriminación que sufría a súa xente fóra da terra por ser analfabeta.



José María Dapena Pichel

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: Panamá
Ano de emigración: 1951
Ano de retorno: 1975

Era 1951 cando José María, con dezaseis anos, marchaba para Panamá co seu pai. A pesar de levar dez anos sen o ver e apenas recordalo –seu pai emigrara cando el contaba seis anos– decidiu emprender a aventura da súa vida á súa beira. A viaxe comezou en avión, medio pouco habitual daquela, aínda que as circunstancias da viaxe foran moi distintas ás que se darían hoxe: percorreu nun avión de hélices un longuíssimo itinerario de Madrid a Lisboa, de alí ao Senegal, logo a Paramaribo (Surinam), Curaçao (Países Baixos), Cartaxena de Indias (Colombia) e, finalmente, Panamá.

José María estivo no país americano dos dezaseis aos vinte e un anos, e logo

volveu a España en 1959 para facer o servizo militar, regresando novamente a Panamá; neste período rexentou, en réxime de concesión, a cafetería dun hospital; anos despois deixou este negocio e montou a súa propia empresa construtora.

A día de hoxe segue vinculado con Panamá, onde aínda posúe un edificio.

José María casou e tivo os seus fillos en Panamá. Foron precisamente motivos familiares os que o levaron a retornar. A posibilidade de que os seus fillos desenvolvesen a súa vida alá dificultaría despois a volta, por iso decidiron virse con eles cando aínda eran rapaces.



José Martínez Sampayo

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: O Brasil
Ano de emigración: 1954
Ano de retorno: 1976

José, orixinario dunha familia labrega de Noia con moitos irmáns, emigrou porque «non había traballo nin outra forma de vida». Na casa estaba xa o irmán máis vello casado e non había outras alternativas de ocupación. Despois de recibir a chamada dun curmán que tiña en Río de Xaneiro, decidiuse e marchou con vinte e cinco anos. Embarcou nunha navieira italiana, a *Castel Bianco*, onde pasou quince días, o tempo que levou a viaxe.

Ao chegar ao Brasil traballou como ebanista, en condicións moi difíciles e con moito sacrificio. Erguíase ás cinco da mañá, tardaba dúas horas en chegar ao traballo collendo varios transportes, entre eles un tren en que moitos pasaxeiros ían enganchados das portas por fóra, e logo aínda debía coller un bus para chegar a Copacabana. Co tempo fixo a súa propia casa e puxo unha carpintería no baixo, comezando a traballar por conta propia.

A súa mocidade viviuna en Río de Xaneiro, onde casou e tivo fillos. A Casa de Galicia era un punto de referencia moi importante para todos os emigrantes galegos en Río, onde había moita actividade cultural e recreativa e sobre todo unha gran convivencia e solidariedade entre os galegos.

José lembra que a vida no Brasil era moi diferente á de Galicia. A cidade era moi insegura, ao pouco tempo de chegar, unha noite á volta dunha festa presenciou como dous mozos lle pegaban un tiro a un home que camiñaba diante del.

Como moitos outros emigrantes a América, José non regresou a Galicia durante vinte e un anos. Nese longo período botou moito en falta a terra e a súa familia, mais os medios de transporte na época non favorecían o retorno e, por outra parte, ao refacer a vida en Río, os anos ían pasando sen se decatarse.

En 1974 a súa muller e os seus fillos viñeron de viaxe, e insistíronlle moito a José por retornar. Desde que volveu en 1976 con corenta e tres anos e despois de tan longa ausencia, aínda traballou dezasete anos como carpinteiro en Galicia. Lembra a chegada como un momento moi emotivo, en que se «sentiu no aire». Está moi satisfeito de ter regresado e ver aínda aos seus pais con vida, mais a adaptación tamén lle resultou difícil e aínda hoxe bota de menos algunha xente de alá. «Volves e es coma un estraño». Malia todo, a súa valoración da emigración é que se fai por necesidade.



José Ares Tizón

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: Venezuela
Ano de emigración: 1956
Ano de retorno: 1989

José procede de Aranga, dunha familia labrega de dez irmáns. Na súa casa non pasaban fame, tiñan cinco ou seis vacas, e mataban catro ou cinco porcos ao ano, ademais de comeren pan e patacas, mais si que había en xeral moita necesidade, eran moitos na casa e poucas perspectivas de futuro e de progreso. Por iso en 1956, con dezanove anos decidiu «desertar do arado» e marchar a Venezuela, seguindo o camiño dos seus irmáns maiores.

Axiña atopou traballo na construción. A súa rutina arrancou alá compartindo unha habitación para tres. Posteriormente traballou nunha tapicería e despois de varios anos aprendendo a profesión, decidiu mercar un local e traballar por conta propia como tapiceiro.

José sempre tivo a idea de volver a Galicia, mais como el di: «Foi pasando o tempo sen decatarme» e así foron trinta e catro anos en Venezuela. O negocio foille ben, mais a situación económica de Venezuela empeorou e tomou a firme decisión de retornar. Chegou a Galicia tendo aínda cincuenta e dous anos, polo que concluíu a súa vida laboral como tapiceiro en Compostela.



Guillermo González Raviña

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: España (Illas Canarias)

Ano emigración: 1972

Ano de retorno: 2005

En 1972 Guillermo traballaba como mestre en Tordoia, mais vivindo en Compostela e sen coche, tiña un longo percorrido en varios transportes ata chegar ao seu centro. Ademais o destino da súa muller, tamén mestra, estaba moi afastado do del, e por ese motivo pediron o traslado a Canarias.

Traballou como mestre de educación física e monitor deportivo, e foi un activo dinamizador da vida deportiva nas illas, sen descoidar outra das súas facetas como activista cultural e escritor. A súa foi unha traxectoria migratoria moi diferente á da meirande parte dos emigrantes galegos. A súa etapa en Canarias foi moi satisfactoria. O clima e a vida

nas illas era moi diferente da Galicia que deixaba atrás. Nas súas propias palabras, «en Canarias gástase moi pouco en roupa, mais a auga é un artigo de luxo».

Guillermo sempre veu periodicamente a Galicia, mais agora que está xubilado cambiaron as tornas, instalouse definitivamente en Compostela, e vai periodicamente ás illas.



Gilberto Ces Lorenzo

Centro de Maiores Afundación Santiago

País de destino: A Arxentina
Ano de emigración: 1951
Ano de retorno: 1975

Gilberto non emigrou por vontade propia, levárono os seus pais tendo nove anos. Marcharon oito membros da familia xuntos no mesmo barco: os seus pais, el e mais os seus irmáns, dous tíos e un curmán. Embarcaron en Vigo o 17 de decembro de 1950 nun barco de carga de mercadorías en que durmían nunha fileira de liteiras na bodega. Así chegaron a Bos Aires o 5 de xaneiro de 1951.

En realidade a súa viaxe foi un reagrupamento familiar, os seus avós emigraran a Arxentina e deixaran aquí os fillos, que foron xuntando pouco a pouco. Co tempo conseguiron levar a América seis dos seus fillos. Os avós eran unha familia labrega da parroquia de San Ramón de Bealo, Boiro (A Coruña), que, coma moitos outros veciños, marcharan a buscar unha vida mellor.

Gilberto lembra que durante a viaxe no barco se xuntou cun grupo de nenos cos que andaba a facer trasnadas, nunha ocasión abriron a auga de todas as duchas, empozándoa para faceren unha piscina; acabaron, iso si, rendendo contas na comisaría de abordo.

Ao chegar a Bos Aires foi á escola, mais aos trece anos xa empezou a traballar nunha fábrica de calzado, onde estivo ata os quince. Despois entrou a traballar nunha pizzería, Las cuartetas, na rúa Corrientes, na que xa traballaba o seu pai. Conta que «naquel tempo o meu pai facía tres quendas de traballo seguidas, era unha pizzería moi grande, con cento vinte empregados, gastábanse sesenta sacos de fariña e servíanse tres mil pizzas

diarias. Un tempo en que en Galicia nunca unha pizza se vira».

Gilberto coñeceu a súa muller no Centro Lucense, onde había bailes todos os domingos e se reunía a extensa comunidade galega bonaerense. Aos vinte e un anos colleu o traspaso dunha cafetería e traballou sempre por conta propia como empresario da hostalería. Ao final, o seu pai mercou a pizzería Las cuartetas, que segue a existir a día de hoxe, e da que aínda é accionista.

O que motivou o seu retorno foi a crecente inseguridade. Un día secuestraron un neno de nove anos, amigo dos seus fillos, para lle pediren un rescate á familia. Naquela época Gilberto traballaba duramente no negocio e era sabido que gañaba cartos; «Gallego, ¿cuanta plata ganan ustedes?». O medo a sufrir unha situación semellante foi o que motivou a boa parte da familia a retornar. Recoñece, así mesmo, que el non tiña moitas ganas de vir, pois xa levaba boa parte da súa vida en Bos Aires. Unha vez en Compostela, custoulle ao primeiro refacer a súa vida, mais acabou por poñer o seu propio negocio hostaleiro.

SANTIAGO DE COMPOSTELA
IES ROSALÍA DE CASTRO

«Esta actividade pareceume moi interesante, xa que nós só estudamos as estatísticas e os datos da emigración, mais vós aportastes as experiencias persoais, o que nos fai máis conscientes da situación»

Raquel Carballo Romero, 3º ESO

«Moi interesante! As vosas experiencias ofrecen unha forma máis global de ver o mundo»

Álvaro Andión Mosquera, 3º ESO

«As vosas historias son moi emotivas e fixeron que nos deramos de conta do afortunados que somos»

María Álvarez Rouco, 3º ESO

«Moitas grazas por ter tanta paciencia con nós e darnos tan boas leccións de vida»

Celia Midón de la Fuente, 3º ESO

«Antes sentía a xente maior máis distante da xente da miña idade. Esta actividade demostrou que podemos ser amigos, e conversar. Gustárame darvos as grazas porque me resultou moi entretido e paseino realmente ben»

Manuel Míguez Sangiao, 3º ESO

«Sodes moi valentes por terdes viaxado lonxe das vosas familias e amigos para axudalos a manterse ou para cumprir co que criades»

Ana Calvo Vilouta, 3º ESO

Lugo



Asunción Dacal Vila

Centro de Maiores Afundación Lugo

País de destino: O Canadá
Ano de emigración: 1957
Ano de retorno: 1967

Asunción emigrou xunto co seu home e a súa filla de trece meses coa esperanza de se labrar un futuro digno. Procedentes dunha aldea do Corgo (Lugo), a familia colleu rumbo ao Canadá nun barco fretado polo Instituto Español de Emigración, xunto cun grupo de xente que ía traballar ao campo. Ao chegaren a Montreal atopáronse coa sorpresa de que non admitían matrimonios con fillos.

Durante as dúas primeiras semanas foron enviados a un campamento xunto con outros sesenta matrimonios. Alí dábanlles de comer e podían lavar a roupa, mais non lles daban traballo. Ao saíren de alí, decidiron ir á capital, e o mesmo día de chegaren colleunos a noite coa cativa sen teren a onde ir, sen cartos e nada que comer. Salvounos a solidariedade dun compatriota aragonés, que ao escoitalos falar lles ofreceu axuda pagándolles unha habitación durante quince días e axudándolles a encontrar traballo.

Ao principio pagábanlles por recollerem botellas de Coca-Cola baleiras pola rúa.

Despois duns inicios tan duros e difíciles, o matrimonio foi atopando traballos en que tiñan que axustar os horarios para poder un deles quedar ao coidado da nena. Coñeceron a outros dous matrimonios galegos cos que alugaron un piso xuntos para compartir, e así unha das mulleres quedaba coas fillas das outras parellas mentres traballaban as outras.

Asunción traballou nunha envasadora de olivas, nunha fábrica de pinturas e nun hotel limpando. Nas fins de semana ía traballar na colleita ao campo para gañar algo máis.

En total estiveron dez anos no Canadá sen vir de visita nin unha soa vez; despois deste tempo de traballo e aforro volveron a Galicia, onde montaron unha empresa construtora. Aínda que non foi moito tempo, Asunción di que o regreso para ela foi decepcionante, xa que non encontrou aquí a evolución social á que ela viña afeita, e as vivendas de alugueiro eran poucas e deficitarias.



Jesús Salgado Carballal

Centro de Maiores Afundación Lugo

País de destino: España (País Vasco)

Ano de emigración: 1960

Ano de retorno: 2005

A principal motivación migratoria de Jesús foi a rebeldía e as ansias de se emancipar economicamente e vivir a súa propia vida. Con dezanove anos marchou a Bilbo, onde tiña uns tíos. As súas expectativas de atopar traballo de contado se viron cumpridas ao contratareño de panadeiro e de pintor, ata que comezou no sector industrial asociado á construción naval e á reparación.

Nesa época podíase cambiar facilmente de emprego. Jesús conta como ían buscar traballadores á saída das fábricas: «canto che pagan aquí? Eu ofrézoche máis». Así cambiou varias veces de empresa, ata que finalmente se dedicou á reparación de barcos en ruta para a

mariña mercante. O peche ao tráfico de barcos da canle de Suez, entre 1967 e 1975, provocou a construción de grandes petroleiros coa máxima capacidade de almacenamento, para partir desde o golfo Pérsico e rodear África polo cabo de Boa Esperanza. Neste contexto, Jesús traballou viaxando por todo o mundo tocando portos e navegando en grandes petroleiros, e ás veces pasando máis dun mes sen pisar terra.

Jesús viviu experiencias moi interesantes embarcado e aproveitou para ampliar os seus coñecementos e a súa cultura facendo «turismo do pobre»: visitar moitos lugares por cousa do traballo.



José Luis Mundiña Pozas

Centro de Maiores Afundación Lugo

País de destino: Cuba, Os EE. UU.

Ano de emigración: 1956

Ano de retorno: 1980

Fillo de emigrantes, José Luis naceu e viviu en Cuba ata os catro anos, cando o mandaron de volta para Galicia, onde estivo ata que cumpriu os vinte e sete. Traballaba na Coruña como administrativo nunha empresa de construción, mais aínda así quixo emigrar para mellorar a súa situación motivado ao ver as fotos dos emigrantes en Venezuela, que aos dous anos de iren xa tiñan un automóbil.

Marchou coa súa muller a Cuba, e alí traballou como contable nunha notaría, mais despois dun tempo, un galego de Mugardos amigo seu recomendoulle ir aos Estados Unidos. Daquela había que anotarse nunha lista de espera, mais el, por ser nativo cubano, tivo maiores facilidades para ir legalmente. A súa muller tivo que quedar en Cuba ata que el enviou ao consulado un certificado de que estaba traballando nos Estados Unidos.

José Luis marchou de Cuba o 2 de agosto de 1958, seis meses antes de que Fidel Castro entrase na Habana consumando o trunfo da Revolución e o derrocamento do ditador Batista. O seu destino foi Nova Jersey. Alí tivo o seu primeiro traballo nunha fábrica de discos de vinilo, na Synthetic Plastic Company. Despois traballou como estibador no porto de Newark, o que sería o seu emprego definitivo, un traballo moi duro que foi mellorando progresivamente

coa modernización técnica dos portos. O seu labor consistía en manexar grandes guindastres para mobilizar mercadorías en contedores.

José Luis e a súa muller deixaron ao coidado dos avós paternos en Galicia unha das súas fillas, e tiveron outra na emigración. Cando viñeron a busca, a nena tiña doce anos e xa non quixo marchar con eles. A súa vida laboral en Nova Jersey foi de moito traballo, en ocasións os sete días da semana, algo que os americanos non facían, mais o seu obxectivo era gañar diñeiro e aforrar para volver. En 1980, e despois de vinte anos traballando no porto, José Luis tivo un accidente laboral moi grave que motivou o seu regreso a Lugo. Como a súa filla menor quedara a vivir alí, durante moito tempo estiveron indo todos os anos pasar uns meses, ata que a rapaza veu tamén definitivamente.



Raquel Blanco Fernández

Centro de Maiores Afundación Lugo

País de destino: Venezuela
Ano de emigración: 1953
Ano de retorno: 1967

Raquel é dunha aldea de Asturias, en que se vivía moi pobremente. Uns tíos dela decidiron emigrar a Venezuela e propuxéronlle aos seus pais levala con eles. Así, con dezaseis anos embarcou no peirao da Coruña cara a Venezuela, cos seus tíos e unha curmá.


Ao principio traballou servindo en casas, e co tempo os seus tíos mercaron unha pensión en que traballou toda a familia; o negocio foilles ben, mais traballaban moi duramente. A clientela era maiormente emigrante, e así coñeceu un galego que logo sería o seu home.

Cos anos, a base de traballar moito e aforrar, mercaron un hotel. A súa vida en Venezuela foi moi sacrificada, sen apenas tempo libre para nada máis que traballar, reducir os custos de contratación de empregados no negocio facen-

do eles directamente todo o que podían para poder aforrar, traballando día e noite, domingos e festivos e sen vacacións. Todos os cartos que aforraban enviábanos para España.

Raquel conta que Venezuela os acolleu moi ben. Alí tiveron as súas tres fillas e deixaron boísimos amigos, mais o feito de ter a familia aquí, e vendo como empezaba a haber unha crecente inseguridade nas rúas con casos de roubos e violencia, decidiron retornar cando a súa filla maior contaba dez anos. Querían que as rapazas fosen educadas noutra contorna.

Ao seu regreso, e como sempre traballaran por conta propia, investiron os seus aforros montando unha gasoleneira, e máis tarde adquirirían varias máis.

A group of five students (three girls and two boys) are sitting at a wooden table in a library, looking towards the left. They are holding pens and papers, suggesting they are participating in a workshop or discussion. Bookshelves filled with books are visible in the background.

LUGO IES NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES

«O que máis me gustou foi a parte dos encontros na que traballamos en grupo, pásámolo moi ben e tiñamos moito do que falar. Chamoume a atención que xente da miña contorna vivise esas historias»

Carlos Álvarez Nieto, 2º ESO

«Pareceume unha idea moi boa. Aprendemos moito de vós, este tema nunca me parecera tan interesante»

Sandra González Vázquez, 2º ESO

«Pareceume unha experiencia única. Grazas a ela descubrín cousas novas sobre a historia da miña familia»

Paloma Fernández De Vega, 2º ESO

«Aprendemos moitas cousas e déstenos a coñecer moitas culturas»

David Fernández, 2º ESO

«Moitísimas grazas por compartir as vosas experiencias. Aprecio moitísimo o esforzo de cada un de vós por superar a etapa da emigración»

Bruno Fernández Carballo, 2º ESO

«Admiro o voso tesón e que pese a todos os atrancos que vos puxo a vida lograrades superalos. Nunca vos rendistes e fostes fortes polas vosas familias»

Ana María Gómez Sánchez, 2º ESO

Monforte



José López Fernández

Centro de Maiores Afundación Monforte

País de destino: O Brasil
Ano de emigración: 1956
Ano de retorno: 1966

En 1956, con trinta e un anos, José emigrou ao Brasil para mellorar a vida que tiña naquel momento. Desexaba casar, e aínda que tiña traballo como axente de seguros en Lugo, o seu salario non era suficiente para poder alugar un piso e vivir. Así que, unha noite que non conseguía conciliar o sono, meditou a fondo pros e contras, e uns días despois tomou a decisión de cruzar o Atlántico rumbo ao próspero e boiante Brasil, casando antes coa súa muller en Escairón (Lugo).

José marchou para O Brasil el só ata que alcanzou o nivel de vida que lle permitiu, dous anos máis tarde, chamar a súa muller para que fose ao seu carón. O matrimonio mantiña o contacto coa súa familia, pais e irmáns, mediante postais e, en caso de urxencia, por teléfono.

A súa estancia no país foi feliz e satisfactoria en todos os aspectos, e o seu nivel de vida mellorou considerablemente. No eido laboral, José comezou traballando como dependente nuns grandes almacéns, mais grazas á súa perseveranza, constancia e tesón, foi pouco a pouco ascendendo ata alcanzar o cargo de máis responsabilidade na empresa, xerente xefe. Para isto non dubidou en traballar ata doce horas diarias.

A integración de José no Brasil foi total, xa que traballaba con moitos brasileiros (por lei, a empresa estaba obrigada a ter o 66 % de traballadores nativos) e foi sempre moi respectado polos seus compañeiros. A relación con outros emigrantes era tamén diaria no traballo, e incluso

cando chegou ao país vivían xuntos nuns aloxamentos que tiña a empresa para as persoas estranxeiras.

O matrimonio viviu no Brasil durante oito anos, onde tiveron un neno que morreu ao pouco de nacer por problemas médicos. Ao nacer a súa segunda filla, Esther tivo medo de que lle sucedese algo parecido e que os médicos non llo resolvesen ben, así que quixo regresar a España. Nesa viaxe de volta José acompañou a súa muller e filla coa intención de regresar de novo ao Brasil, xa que alí vivía moi ben, mais unha vez de volta na casa foi incapaz de deixar soa a súa muller coa nena. A empresa gardoulle o seu posto de xerente xefe durante un ano, e incluso lle seguiron pagando o seguro, mais ao transcorrer ese tempo pedíronlle que tomase unha decisión, e decidiu quedar en Galicia.

José garda un recordo estupendo dos seus dez anos de vida no Brasil e fala con enorme cariño daquel país, mais séntese moi galego.



Emilio Santiago Santos

Centro de Maiores Afundación Monforte

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1967
Ano de retorno: 2012

Emilio viviu na súa vila natal de Zamora ata os oito anos. Con esa idade os seus pais enviárono interno, e ata os quince anos estivo en varios colexios por todo o territorio español. Cando regresou á casa, estivo durante dous anos traballando da mañá á noite para un terratenente por 50 pesetas ao día máis a comida. Foi entón cando Emilio decidiu ir para Suíza co soño de gañar o diñeiro suficiente para poder volver, mercar

unha moto e montar unha peixería. Os seus pais non podían axudarlle a cumprir os seus proxectos, así que, con dezasete anos e sen papeis, decidiu emigrar para poder conseguir o diñeiro.

Cando chegou a Suíza, despois dunha longa viaxe en tren, comezaban os problemas: había que cruzar a fronteira e sen papeis. Mais a sorte púxoselle de cara, pois ao final non lle pediron ningún documento. Tras un mes en Suíza conseguiu emprego nunha empresa de comunicacións, onde estivo tres anos, e posteriormente comezou a traballar nos trens internacionais como *stewart* (a persoa encargada de pasar o carriño vendendo café, bocadillos, bebidas...). Grazas a este emprego estivo durante dous anos percorrendo toda Europa oriental, e así cumpriu unha das súas aspiracións na vida, viaxar. Despois cambiou para unha fábrica química, onde desempeñou postos de responsabilidade, xa que daquela falaba alemán, francés, italiano e español. Nesa empresa traballou corenta anos da súa vida ata que se prexubilou con sesenta e dous.

A vida no país ao principio foi difícil pola barreira do idioma. Emilio conta que

a xuventude xogou ao seu favor, e fai fincapé na enorme diferenza social que existía entre España e Suíza. Un país libre que o fixo sentir moi a gusto, onde levou unha vida feliz entre o traballo, a casa, o deporte, a familia, os nenos... Pese a facer alí a súa propia familia, Emilio visitaba os seus pais unha vez ao ano.

O retorno definitivo, confesa, foi moi traumático. Emilio non pensaba volver, xa que alí estaba integrado por completo e cun bo futuro por diante unha vez xubilado. Mais a súa muller sempre quixera volver para España e pasar aquí os seus últimos anos. Custoulle adaptarse de novo á vida, á xente, ao horario, ás comidas... Na actualidade está contento en España, a pesar de que ás veces sente nostalxia de Suíza: o tranvía, o funcionamento dos transportes públicos, a neve en inverno, o olor a viño con mel e queixo fundido, as casetas do Nadal... Pese a todo, valora a súa experiencia na emigración como moi positiva. Considera que lle axudou a se desenvolver como persoa e medrar de outra maneira que quizais aquí non tería sido posible.



Eliseo Rosende López

Centro de Maiores Afundación Monforte

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1961
Ano de retorno: 1999

Eliseo traballaba na mina en Asturias, un emprego perigoso polo que daquela se libraba de facer o servizo militar. Tiña entón vinte e cinco anos e un bo soldo, mais naqueles anos todos marchaban para o estranxeiro, así que para el e os seus amigos emigrar foi como unha aventura para probar sorte. Primeiro marchou un amigo e aos catro meses foi el, mais antes tivo que conseguir as recomendacións necesarias para obter o pasaporte. E así, en 1961, marchou a Suíza en tren e sen falar nin unha palabra noutro idioma que non fose galego ou castelán.

O seu primeiro traballo foi na cociña dun restaurante durante seis meses, mais non estaba moi contento, e en canto puido cambiou para unha fábrica de mecánica en que estivo ata 1973. O seu derradeiro traballo foi nunha fábrica de reloxos, onde estivo ata 1999, cando se xubilou con sesenta e catro anos.

No referente á súa vida en Suíza, Eliseo garda bos recordos. Mentres estivo solteiro as fins de semana ía aos bailes cos seus amigos de Asturias, e despois coa súa señora. Casou en 1964 e tivo dúas fillas, que continúan a vivir naquel país.

Eliseo considera que tivo sorte na vida, que topou con xente boa que o tratou ben. Define os suízos como xente honrada e bondadosa, mais pouco extravertida e alegre. Segundo a súa opinión, o éxito dos españois na emigración foi seren capaces de se adaptar aos costumes, ao idioma e á vida no país.

En 1999, despois de trinta e oito anos na emigración, o matrimonio decidiu que era o momento de regresar e gozar da vida un pouco. Tomaron a decisión de retirarse e vir a Galicia, onde tiñan casa propia.



Dolores Pardo Mencía

Centro de Maiores Afundación Monforte

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1971
Ano de retorno: 2004

A principal razón de Dolores para emigrar foi a de seguir os pasos da súa irmá maior, que marchara dous anos antes e á que estaba moi unida. Ademais, quería axudar os seus pais economicamente para que puidesen facer unha casa e mellorar a súa calidade de vida.

Dolores marchou a Suíza en 1971, con dezaioito anos. Á súa chegada xa comezou a traballar nunha fábrica de galletas en que estivo ata cinco días antes de dar a luz a súa primeira filla. Ademais, compaxinaba este con outros empregos por horas en casas particulares. Despois de nacer a súa filla estivo de baixa por maternidade, e aos catro meses volveu ao traballo cun horario de media xornada.

Foi ao nacer a súa filla cando deixou definitivamente a fábrica, mais con dúas nenas ao seu cargo, Dolores non podía continuar sen emprego. Ao cumprir a pequena un ano comezou a traballar en casas particulares por horas. Foi entón cando se lle ocorreu a idea de buscar unha casa onde puidese traballar todo o día, sen necesidade de andar dun sitio para outro, e o máis importante, onde

lle permitisen levar as súas nenas. Dolores encontrou ese emprego, en que estivo ata que regresou para Galicia. Aínda se emociona ao se lembrar dos seus xefes, xente marabillosa que a tratou coma se fose unha filla e ás súas nenas coma netas.

Dolores garda moi bos recordos da súa vida en Suíza, e a súa integración foi absoluta. Aquel país acolleuna moi ben, dándolle moitas axudas para a educación e o benestar das súas fillas, e topou con xente boa. A relación cos emigrantes españois era continua, xa que a súa parella era o presidente do Centro Asturiano de Crissier, do que posteriormente rexentaran o bufete.

O retorno a Monforte produciuse cando a súa parella se retirou. Naquel momento en que xa podían vivir sen traballar querían regresar a Galicia, e ao mesmo tempo a súa nai reclamáballe atención e compañía por se encontrar soa.

Dolores leva xa en Monforte doce anos, e a día de hoxe di arrepentirse de regresar, xa que as súas fillas aínda viven en Suíza.



Ángela Díaz Villa

Centro de Maiores Afundación Monforte

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1977
Ano de retorno: 2005

Ángela marchou a Suíza por amor con vinte e un anos, en decembro de 1977. No verán de 1976 coñeceu o seu home, que xa vivía en Xenebra, durante unhas vacacións del en Monforte. Un ano despois, casaron e marcharon xuntos para Suíza.

Durante os primeiros anos no país Ángela non traballou, xa que o matrimonio tiña un bebé ao que ela se encargaba de coidar. Foron eses primeiros anos os máis difíciles, non coñecía o idioma e non se integraba na vida do país.


A historia de Ángela é unha historia de superación. Ela estudara en España un ciclo de formación profesional de administrativo e, tan axiña como puido, comezou a estudar francés para acceder a un bo traballo. Ao mesmo tempo foise formando noutros eidos, e cando considerou que estaba preparada conseguiu un emprego nun dos mellores bancos de Suíza. Traballou alí durante vinte e catro anos, sempre en continua reciclaxe e formación. Para Ángela eses foron os mellores anos da súa vida.

A relación de Ángela con outras persoas emigrantes foi nula, a excepción daquelas con quen traballaba, xa que nunca asistía aos centros sociais de galegos que había en Xenebra. A súa vida consistía en atender o seu emprego, a súa filla e o seu home, e en formarse continuamente para

mellorar no seu traballo. De feito, conta que o banco en que traballaba tiña espazos de lecer para os empregados, cafeterías, ximnasios etc. aos que nunca acudía. A relación coa familia que vivía en Galicia era complicada debido aos poucos medios de comunicación que había por aquel entón aquí. Na Pobra do Brollón, onde vivía súa nai, só había unha cabina telefónica en toda a vila, e tiñan que quedar para falaren dunha chamada para a seguinte.

O seu regreso a Galicia tivo lugar en 2005. Ao igual que marchou por amor, retornou tamén por amor, xa que a súa nai e a súa tía, ambas maiores, precisaban dos seus coidados. Vivían as dúas soas e non querían ninguén na casa que as axudase, e Ángela non podía levar as dúas para Suíza, así que, con toda a dor do seu corazón, tivo que abandonar o traballo para coidar as súas familiares.

Ángela garda un gran recordo dos seus anos en Xenebra, un país que lle dou moitas oportunidades laborais, aínda que con moito esforzo e formación.



MONFORTE COLEXIO PADRES ESCOLAPIOS

«Moitas grazas polo tempo invertido en nós e no noso coñecemento, foi unha experiencia interesante e gustoume moito»

Lucía Rodríguez Vázquez, 3º ESO

«Sodes uns loitadores e moi valentes para marchar sen saber o idioma e sen saber nada do país ao que iades»

David Vila Agulla, 3º ESO

«Destacaría a boa actitude coa que nos tratastes. O que máis me gustou foi o interese que tiñades en facer que nós aprenderamos algo desta experiencia»

Jorge Vázquez Fajín, 3º ESO

«Atopoa unha actividade enriquecedora para nós e ao mesmo tempo para vós, xa que así coñecesdes a nosa opinión sobre os diferentes temas»

Sofía Fouces Losada, 3º ESO

«O que máis me gustou foi o día que nos xuntamos en grupos e cada un falaba con máis detalle sobre a súa emigración»

Sonia González Salgueiro, 3º ESO

«Paréceme moi interesante esta iniciativa porque nos axuda a mirar ao futuro doutra maneira»

Carlos Vera Muñoz, 3º ESO

Pontedeume



Joaquín Leira Regueiro

Centro de Maiores Afundación Pontedeume

País de destino: España (País Vasco)

Ano de emigración: 1961

Ano de retorno: 2000

Con vinte e dous anos de idade, Joaquín decidiu emigrar para fuxir da pobreza, xa que aquí non vía opcións de futuro. Un dos seus curmáns, que residía xa no País Vasco, animouno a marchar para alá, e en 1961 decidiuse a partir.

Joaquín recorda que unha das cousas que máis lle sorprendeu foi a viaxe en tren. Eles collían o tren na Coruña e ían sentados, mais ao chegar a León era tal

a cantidade de xente, que xa non collían nos asentos e ían amontoados nos corredores. Era imposible camiñar, e a xente saía polas ventás. Ademais, conta que ao seren os asentos de madeira, chegaban ao seu destino completamente entumecidos.

Durante os primeiros meses no País Vasco empregouse como zapateiro, oficio que xa exercía en Galicia. Mais como este traballo era moi atado acabou por deixalo, e o seu curmán meteuno nun taller de máquinas e ferramentas. Aínda que alí había moito traballo e moita industria, non tiñan vivendas suficientes para tanta xente. Por iso, o principal problema co que se atopou foi ter que compartir unha casa vella, vivindo catro ou cinco familias xuntas.

No País Vasco as persoas galegas tiñan moito traballo onde elixir. Estaban moi ben valoradas, e os empresarios íanos buscar aos trens para facerlles xa con-

tratos indefinidos. Por outra parte, traballábase segundo a produción en prima e sempre había alicientes para que a xente traballase máis.

Joaquín mantiña contacto coa familia a través de dúas ou tres cartas semanais, xa que aínda non había teléfono. A pesar de estaren moi ben integrados na vida alí, sentían moita morriña de Galicia, e tres veces ao ano volvían para pasar as vacacións. O regreso definitivo foi no 2000, motivado pola súa xubilación e polo falecemento dun fillo; alí non tiñan nada que os atase, e aquí tiñan a familia. Non obstante, custoulles volverse a adaptar á vida en Galicia; o primeiro ano foi malo de levar, e incluso chegaron a arrepentirse de ter regresado.

Joaquín valora a súa experiencia na emigración como moi positiva e afirma que, se tivesen que volver, non o dubidarían. Alí fixeron grandes amigos e foron sempre moi ben recibidos.



María del Carmen Fachal Rodríguez

Centro de Maiores Afundación Pontedeume

País de destino: España (País Vasco)

Ano de emigración: 1962

Ano de retorno: 2000

Cando contaba con vinte e dous anos, Carmen decidiu emigrar para o País Vasco en busca dunha mellora para o seu futuro e a súa economía. Alí, pese a haber moitas fábricas en que poder empregarse, o seu home non quería que o fixese, e sempre traballou cosendo na casa. Pagábanlle ben, mais era un labor moi sacrificado.

Nun primeiro momento o matrimonio tiña que compartir casa con outras familias, mais en pouco tempo, e poñéndose o xefe do seu marido como avalista, deron a entrada para o seu propio piso. Alí todo estaba máis avanzado, había auga corrente, recollían o lixo... e o matrimonio levaba unha vida cómoda, saían a tomar café ou ían ao cinema.

Algo que lle chamou moito a atención a Carmen da vida en Eibar era ver no parque todos os avós coidando os netos, mentres as fillas traballaban nas fábricas. Iso aquí aínda non era habitual.

A relación coa familia mantíñaa a través de dúas ou tres cartas semanais. Ademais, viñan de vacacións tres veces ao ano, e o seu fillo, así como collía as vacacións no colexio, íao recoller un familiar desde Galicia para que pasase aquí ese tempo.

O retorno a Galicia foi motivado polo falecemento do seu fillo; de non suceder esta circunstancia non terían volto. A pesar de estaren hoxe xa adaptados á vida aquí, nun principio pasárono moi mal e arrepentíronse de volver, pois alí tiñan unha grande convivencia cos amigos e moita vida social: reunións, comidas, saídas etc. Ao chegar aquí quixeron facer o mesmo, mais a xente non se prestaba. No País Vasco fixeron grandes amizades, algunhas tan fondas que chegaron a ser coma irmáns.



Carmen Tenreiro Tenreiro

Centro de Maiores Afundación Pontedeume

País de destino: O Reino Unido

Ano de emigración: 1954

Ano de retorno: 1971

En 1954, con dezanove anos, Carmen decidiu emprender rumbo a Inglaterra por circunstancias familiares, xa que o seu pai estaba emigrado naquel país. Andaba embarcado a maior parte do tempo, polo que lle buscou unha familia amiga que a acollese. Brenda, unha das fillas desta familia, sabía algo de español, e isto axudoulle a Carmen a se sentir integrada e axudada.

En Inglaterra traballou como costureira nun taller, e co tempo chegou a dar clases de costura a mulleres nun colexio. O que máis lle chamou a atención no ámbito laboral foi que, mentres en España lle pagaban como costureira 10 pesetas, alí empezou a cobrar 3 libras.

A vida cotiá no estranxeiro foi boa, e a relación coa familia mantíñaa a través de carta semanal. A avoa de Carmen, ao ver marchar a súa neta, chegou a dicir que prefería ver a súa filla morta que vela marchar. Unha das cousas que

máis lle doeu naquel momento foi ter que se separar do seu mozo. A distancia e a familia acabaron por facer que se deixasen, aínda que no ano 1957 volveu a España de vacacións e empezaron outra vez a relación. No ano 1960 tamén el emigrou a Inglaterra e buscou traballo, e finalmente casaron e formaron a súa familia alí.

En 1971 tivo lugar o regreso a España. O matrimonio non quería que os seus fillos se criasen en Inglaterra, xa que había cousas que non lles gustaban. A volta foi moi dura para Carmen, que pensou en volver para Inglaterra, mais o seu home e os fillos estaban encantados aquí.

A valoración xeral da experiencia é moi positiva, e comenta que os ingleses foron xente boa e agradable con eles. Carmen recorda todo con moito cariño e felicidade, xa que alí casou e formou a súa familia.



José Dopico Freire

Centro de Maiores Afundación Pontedeume

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1962
Ano de retorno: 1995

A partida de José foi motivada por dous factores: por un lado, non quería facer o servizo militar e, polo outro, buscaba unha mellora económica. Así que, estando no traballo, colleu unhas direccións para ir a traballar a Suíza, escribiu, e contestáronlle enviándolle o contrato. Así foi como embarcou na súa aventura en 1962.

Marchou con dezanove anos, e daquela, ao ser menor de idade, precisou o permiso do pai para marchar. A viaxe a Suíza durou dous días e fíxoa xunto con tres amigos. Alí traballou como fundidor, gañaba diñeiro e vivía comodamente, polo que estaba contento. A vida cotiá era levadía, en parte porque era moi novo e non tiña preocupacións.

Ao primeiro os suízos mirábanos con receo, mais co tempo chegaron a terlles grande aprecio. En xeral, os galegos eran considerados bos traballadores e

eran moi valorados. José casou en España con Aurora, unha española tamén emigrada en Suíza cos seus pais, e foi alí onde continuaron a súa vida. Xuntos, chegaron a rexentar o restaurante La bodega durante dezasete anos.

A comunicación de José coa familia era a través de carta, e se pasaba algo urxente, por telegrama. O retorno foi motivado por problemas de saúde da súa muller e non foi nada traumático, xa que o matrimonio tiña aquí a súa propia casa e viña todos os veráns pasar as vacacións.

A valoración que fai José da súa experiencia migratoria é moi positiva. De feito, seguen a viaxar a Suíza, xa que os seus fillos viven alí. Como anécdota conta que un día nun restaurante lle preguntaron se era español, ao dicirlles que si, pedíronlle que tocara a guitarra e bailase flamenco, mais como non sabía, diciánlle que non era español.



Aurora Aller Vázquez

Centro de Maiores Afundación Pontedeume

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1965
Ano de retorno: 1995

Os pais de Aurora emigraron a Suíza en 1962 por motivos económicos e deixárona a ela aquí cunha tía, e a súa irmá cos avós. En 1965 regresaron de visita, e Aurora recorda como no momento de marchar ela e a irmá se aferraron ás pernas deles para que as levasen. Así foi como marchou para Suíza á idade de doce anos.

A vida cotiá no país de acollida foi difícil durante os primeiros meses, xa que ía á escola e non entendía nada. Os seus pais decidiron mandala a unhas clases para aprender alemán e así comezouse a integrar. O que máis lle chamaba a atención dos suízos era a súa puntualidade, a limpeza e a orde.

En Suíza coñeceu o que máis tarde se convertería no seu home, un amigo dos seus pais tamén emigrante; pouco a pouco foi xurdindo a relación e viñeron casar a España.

Aurora traballou nunhas oficinas ata que tivo os fillos. No ano 1975 houbo unha crise no país, e o seu pai animounos a que montasen un restaurante, La bodega, que rexentaron durante dezasete anos. Decidiron deixalo todo e regresar a Galicia cando Aurora enfermou. Seguir levando o negocio supúñalle naquel intre da súa vida demasiada tensión. O retorno non foi traumático porque xa contaban aquí coa súa propia casa e levaban anos vindo nos veráns a pasar as vacacións.

PONTEDEUME
CPI CONDE DE FENOSA

«Esta actividade pareceume moi boa porque moita xente non ten nin idea de todo o que tivestes que pasar as xeracións anteriores para conseguir unha vida máis digna»

Marta Fernández Alcantud, 3º ESO

«Pareceume moi emotivo e moi bonito, gustárame dicirvos que hai que repetir outra vez»

N. Fernández García, 3º ESO

«Grazas ás vosas experiencias fomos capaces de ver como cambiaron os tempos»

Iria María Couce Barbeito, 3º ESO

«Agradézovos moito que nos prestades o voso tempo. Sempre seredes ben recibidos»

Sofía Mª Peña Martínez, 3º ESO

«Sempre pensei que os maiores eran persoas aburridas, pero sodes todo o contrario!, persoas divertidas que dan conversa»

Alba García, 3º ESO

«Penso que merecedes máis respecto do que tedes, xa que fostes os iniciadores dun cambio con consecuencias que nos afectan a nós dun xeito moi positivo»

Pablo Bascós Gómez, 3º ESO

Viveiro



José Antonio Teijeiro

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1970
Ano de retorno: 1976

José Antonio emigrou a Zürich, Suíza, no ano 1970, con vinte e seis anos, coa esperanza de mellorar a súa situación. Marcharon el e a súa muller por mediación dun amigo. Naquel momento tiñan unha filla de seis anos á que tiveron que deixar aquí, porque para poder levala tiñan que ter estado no país durante tres anos.

Alí traballou dous anos na hostalería e despois cambiouse a Telefónica, onde facía quendas e horas extra para poder gañar máis diñeiro. O idioma non lle resultou difícil, xa que o italiano era parecido ao español e entendíao ben. De cando en vez xuntábanse con amigos que tiñan alí.

De Suíza chamoulle a atención que nos bares non estaba permitido fumar,

e ninguén tiraba nada ao chan. Como anécdota, comenta que un día na Coruña a súa muller tivera que andar un quilómetro buscando un contedor de lixo para tirar unha monda de plátano.

O matrimonio estivo no país cinco anos, e unha vez ao ano viñan de vacacións durante seis semanas para estar coa familia. O regreso final a Galicia foi polos seus fillos. Recorda que o seu xefe fora un sábado onda el, que alí non se traballaba, para lle dar unha carta de recomendación e seguir traballando en Telefónica desde España, mais non foi posible porque daquela xusto a empresa aquí andaba a despedir xente.



Josefa Calvo Teijeiro

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Alemaña

Ano de emigración: 1972

Ano de retorno: 1979

Josefa emigrou a Alemaña porque o seu home estaba naquel país traballando. Casaron na noitevella e marcharon en tren, unha viaxe que lles levou dous días. Aos seis meses de chegaren, Josefa enfrontouse ao reto de sacar o carné de conducir sen saber nada do idioma, o que lle serviu para aprender moitas palabras, e aos catro meses xa tiña o permiso.

Aos dous anos de chegar comezou a traballar na casa dun médico, e ao pouco tempo quedou embarazada e tivo unha nena.

Josefa estaba encantada coa xente de alí, sobre todo cos veciños, que sempre se prestaron para axudala. Ao chegar chamáronlle a atención os avances daquel país: os supermercados, os iogures ou os comercios de roupa.

A familia regresou a España polos seus fillos, porque en Alemaña non había colexios para españois. Se non fose por iso, comenta, terían quedado alí.



María Jesús Vargas Campo

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Francia
Ano emigración: 1964
Ano de retorno: 1978

Cando pechou a mina da Silvarosa (Viveiro), ao pai de M.^a Jesús destinábano á mina de Avilés, e como neses momentos corría o rumor de que os que emigraban se facían ricos, no ano 1960 os seus pais tomaron a decisión de emigrar a Zürich (Suíza). Ela quedou ao coidado dos seus avós, e non notou a falta dos seus pais porque cos seus avós sempre se sentira protexida e a gusto.

Os seus pais marcharon sen traballo, mais, o primeiro de chegaren alá, ás

poucas horas, xa o conseguiran. Por mediación de xente de Viveiro, dalí a un tempo cambiáronse para o sur de Francia, pois a calidade de vida era mellor, e podían levar os fillos con eles. O seu pai estudara perito percantil e traballaba nunha fábrica de cerámica. Como tiñan alí, axudou moita xente que chegaba ao país e estaba perdida.

M.^a Jesús, polo tanto, emigrrou a Francia xunta seus pais cando tiña oito anos, no 1964. Fora en taxi con dous curmáns da nai, os seus irmáns xemelgos e súa nai. Levaban a comida porque tardaban dous días en chegar.

O primeiro que fixeron seus pais foi matricularlos no colexio; ao primeiro foi duro, mais nun mes xa sabían falar francés. Na clase dela había unhas nenas valencianas que coñecían un pouco máis o idioma e facían de tradutoras. M.^a Jesús lembra a súa primeira profesora, que era moi boa e tivera moita paciencia con ela. Mais da segunda non podía dicir o mesmo. Á volta das vacacións pasara para segundo de primaria e a nova mestra discriminaba os emigrantes. Non foi novo para ela, polo tanto, cando no colexio no lle entregaran un dos premios a mellores alumnos, merecéndoo, por non ser francesa.

Estudaron ata bacharelato. No colexio había moita mestura cultural (armenios, árabes, españois, italianos, africanos das colonias francesas...). Comían no colexio, ela non notou o cambio nas comidas, mais os seus irmáns si. No que si notou o cambio foi no aloxamento, en Viveiro tiñan baño na súa casa e alí tiñan que facer as súas necesidades nun caldeiro. Vivían nunha vila pequena, xunta outra xente que tamén tiña problemas económicos.

Estivo cinco anos sen volver a Galicia. A primeira vez que viñeran fixérono en tren ata Hendaia; tiveran que vir todo o camiño de pé. Pasado ese tempo ela xa estaba integrada no país. Os seus pais cambiaran de casa e colleran un apartamento con baño. Alí viviu con eles e cos xemelgos, e ao pouco, naceu o seu terceiro irmán. Cando morreu o avó, levaron a avoa para alá.

Aos dous anos, ela e a súa avoa viñeron de vacacións a Galicia e xa quedaron, porque lle xurdiu un posto de traballo na Renault. Paulatinamente foron vindo todos cando se prexubilou o seu pai. Os seus irmáns xemelgos están casados con dúas francesas, mais viven en España.



Aniceto Prieto Pico

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Alemaña
Ano de emigración: 1969
Ano de retorno: 1979

Aniceto marchou para Alemaña con vinte e catro anos e cun contrato para traballar nunha fábrica de cemento. Despois cambiou de traballo cando o seu cuñado, que estaba na Opel en Alemaña, lle comentou que buscaban xente. Alí estivo durante tres anos na quenda de mañá e tarde, e despois cambiouse para a quenda de noite porque gañaba un marco máis á hora, e porque así a súa muller podía traballar polo día mentres el se encargaba do coidado dos nenos.

As fins de semana dedicábanse a pasear polos parques, e lembra con agarimo as festas de fin de ano, cando todos os galegos se xuntaban para cear, cociñando cada un a súa comida.

Aniceto afirma que Alemaña o acolleu moi ben porque era moi educado e honrado, e os alemáns valoraban moito isto. Despois de dez anos no país, decidiron volver para Galicia.



Carmen López Nogueira

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1972
Ano de retorno: 1975

Carmen emigrou a Suíza con vinte e cinco anos, pois o seu home xa levaba dous anos emigrado no país. Deixaban aquí un neno de tres meses e unha nena de once meses.

Marchou sen contrato de traballo, mais sabendo onde se podía empregar. Á súa chegada limpaba nas casas do persoal dun hospital, e ao ano xa o facía no propio hospital, o que supuxo unha mellora económica.

A súa estancia en Suíza permitiulle coñecer moita xente de diferentes culturas e relixións, e aprender italiano, grazas a unha nena italiana que vivía na súa casa. Aos tres anos regresou a Galicia porque os seus fillos comezaban o colexio, e co diñeiro gañado en Suíza puido montar unha tenda en Viveiro.



Digna Bouza Rego

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1970
Ano de retorno: 1976

Digna emprendeu rumbo a Suíza en tren, en 1970, cun contrato de traballo como cociñeira. A súa vivencia foi moi triste, xa que ela e o seu home, José Antonio Teijeiro, emigraran no Nadal deixando aquí unha filla. Á súa chegada á estación esperábaos unha española, que os acompañou ao lugar onde irían vivir.

Como anécdota, Digna conta que para ela e o seu home preparaba a comida ao xeito de aquí, e cando o seu xefe a probara, gustara tanto dela, que sempre quixera que lle preparase os menús así, á galega.

Digna garda moi boas lembranzas daquela época. O día do seu aniversario, o

9 de febreiro, cando levaban alí só dous meses, os seus compañeiros fixéronlle un agasallo, e Digna emocionouse moito con aquel detalle, porque aquí nunca lle fixeran nada igual.

O seu segundo fillo naceu en Suíza, o que foi tamén algo novo para ela. Debido a problemas con outros embarazos, tiveron que facerlle unha ecografía, e o seu home puido estar presente no parto, algo que en España era inviable. Coa filla que vivía aquí comunicábase ao principio por carta, e despois por teléfono. Unha vez ao mes chamábana a unha tenda para falaren con ela, xa que aínda non había teléfonos nas casas.



Edelmira Paz Pernas

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1972
Ano de retorno: 2012

A comezos dos anos setenta, con vinte e dous anos e un contrato para traballar nun hotel, Edelmira emprendeu camiño á Suíza alemá deixando aquí un bebé de tres meses. Marchou en avión, e sen saber situar o país no mapa; tanto era así que á súa chegada encontrou todo nevado, e Edelmira ía cuns zapatos de charón. Alí esperábaos un autobús que os ía repartindo para os diferentes destinos e, cando chegaron ao seu hotel, o encargado explicoulles onde estaban as súas habitacións, a hora das comidas etc. Naquel momento incluso pensou que estaba nun club de alterne.

Como anécdota, Edelmira resalta a enorme puntualidade naquel país: a hora do almuerzo era ás 6.30 h e o primeiro día, que chegaran ás 6.35 h, díxéronlles que se volvían chegar tarde non almorzaban.

Alí estivo vivindo e traballando de decembro a xuño e sen a posibilidade de facer ningunha outra cousa, xa que o hotel estaba no medio da montaña. No tren de volta dunhas vacacións en

España, un señor, que despois incluso tivera a amabilidade de os acoller a ela e ao seu home na súa casa, contoulle que en Xenebra había mellores condicións de traballo e explicoulle como tiñan que facer para solicitalo. En outubro marchou para Xenebra e ao día seguinte xa atopou un emprego, mais por non ter os papeis en regra, durante tres meses viuse obrigada a escapar dos controis e a se facer pasar por outra persoa para evitar problemas.

Aos tres anos puido levar o seu fillo e tiveron un segundo que aínda continúa a vivir alí. Nos seus días libres collían o autobús e percorrían Suíza, que coñecen por completo.

Edelmira garda moi bos recordos da súa experiencia, e di que se puidese volver atrás o faría de novo sen dubidalo. Lembra as grandes facilidades que había para encontrar traballo e todos os adiantos que aquí non chegaran, como a auga corrente. Para ela, o único problema foi non poder ter o seu fillo consigo durante os primeiros anos.



José Antonio Parapar Paleo

Centro de Maiores Afundación Viveiro

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1972
Ano de retorno: 2012

José Antonio emigrou en 1972 coa súa muller a Suíza. Alí traballou na hostalería limpando potas; despois o seu xefe ensinoulle a cociñar e quedou de cociñeiro cando este, unha vez xubilado, vendeu o restaurante.

Os novos xefes non tiñan moi boa relación con el, e o anterior xefe, ao sabelo, buscoulle un novo traballo noutro restaurante. Posteriormente puido cambiar de emprego, e estivo dous anos facendo aparatos médicos (próteses...). De aí pasou a traballar na cafetería dun hospital, onde estivo doce anos como responsable dun equipo de doce persoas.

José Antonio considera que Suíza lle deu moitas oportunidades de traballo, e sempre os cambios foron para mellorar. Ademais, xa daquela había igualdade salarial entre homes e mulleres.

VIVEIRO
IES MARÍA SARMIENTO

«Loitastes moito para poder vivir ben, fostes xente Valente. Grazas por vir aquí a contarnos a vosa historia»

Raúl Díaz Hermida, 3º ESO

«Que as persoas maiores contedes a vosa experiencia tamén é unha nova experiencia para nós, o estudantado»

Adrián Sánchez, 3º ESO

«Moi instrutivo; as persoas maiores deberíades influir máis na sociedade xa que sodes persoas moi sabias»

Marián Casás Bellas, 3º ESO

«Non dubidedes nin por un segundo en contar as vosas experiencias a máis xente. É moi admirable por todo o que pasastes noutro país procurando unha mellora para os vosos»

Andrea Riguera, 3º ESO

«Moitas grazas por querer compartir as vosas experiencias con nós. Ao ser inmigrante, coñecer as vosas historias axudome a non sentirme soa»

Blanca Gabriela Livanos, 3º ESO

Ourense



Francisco Fernández Guerra

Centro de Maiores Afundación Ourense

País de destino: Francia
Ano de emigración: 1963
Ano de retorno: 1974

Francisco marchou con vinte anos a Francia pese á oposición da súa familia, xa que aquí non había traballo nin vía futuro. A través de Emigración conseguiu un contrato nunha fábrica de fundición. Marchou en 1963, e aos deza-sete meses tivo que regresar para facer o servizo militar, mais en canto acabou volveu a París.

Alí traballou na hostalería, nun restaurante onde coñeceu moita xente famosa. Nun principio comezou cun contrato para lavar a louza e, a base de ir aprendendo o idioma, conseguiu que o ascendesen a camareiro. Tamén traballaba limpando cristais e como chofer.

En Francia vivía nunha habitación dun hostel. A xuventude reuníase na sala Bataclan para se divertir. Foi alí onde coñeceu a súa futura muller, e xuntos decidiron volver para Ourense, onde el puido abrir un bar na praza Maior e a súa muller, unha mercería.



Marco Isidro Rocha González

Centro de Maiores Afundación Ourense

País de destino: Francia
Ano de emigración: 1971
Ano de retorno: 1978

Marco Isidro tiña o título de mestre industrial na rama do metal e en 1971, con vinte e un anos, emigrou a Francia seguindo os consellos dos seus pais, que xa vivían en París.

Cando chegou comezou a traballar nunha fábrica de sopretes, nun posto sen categoría por non saber o idioma. Mais Marco Isidro traballou moi duro e catro anos despois, cando aprendeu francés, conseguiu chegar a xefe de taller, xa que coñecía moi ben o debuxo e as tecnoloxías.

Pese a que os seus plans nun primeiro momento eran os de ir probar sorte un ano, Marco Isidro botou oito no país, tempo en que casou e tivo un fillo.

A adaptación en Francia foi fácil, xa que o único preciso era habituarse aos seus costumes e aprender o idioma.



Pilar Tesouro González

Centro de Maiores Afundación Ourense

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1980
Ano de retorno: 1990

Pilar emigrou a Suíza en 1980 pola falta de recursos e de traballo en Ourense. Así como conseguiu arranxar os papeis e ter un contrato, marchou xunta o seu home que xa estaba alá.

Aquí deixaban unha filla a cargo dos avós, mentres eles conseguían arranxar-lle os papeis para poder levala, o que puideron facer dous anos despois.

Traballou nunha tinturería durante os dez anos que estivo no país. Debido ao problema co idioma tivo que comezar

pola base, mais a forza de traballar moi duramente, chegou a ser xerente da empresa.

A súa vida alí era de traballo e máis traballo, e cando tiñan tempo libre reuníanse con outras familias galegas.



Ana Pérez Pérez

Centro de Maiores Afundación Ourense

País de destino: Alemaña
Ano de emigración: 1960
Ano de retorno: 2012

Os problemas económicos na casa levaron a Ana a emigrar con vinte anos a Alemaña, onde xa residían dous irmáns seus.

Ana marchou para traballar nunha fábrica de ganchos, unha vez pasados os exames médicos e co contrato na man. O seu segundo emprego foi en Sony, onde facía traballos de soldadura en cadea para os televisores.

A vida no país ao principio foi moi dura, non sabía o idioma e só se relacionaba con galegos e italianos. Alí coñeceu un ourensán con quen casou, e naceron tamén as súas fillas, onde aínda residen.

No ano 2012 tivo lugar o retorno definitivo do matrimonio a Ourense, onde puideron mercar un piso. Na actualidade, pasan aquí seis meses e seis meses en Alemaña coas súas fillas.



Corona Paz Díaz

Centro de Maiores Afundación Ourense

País de destino: Alemaña
Ano de emigración: 1964
Ano de retorno: 1975

Corona xa tiña un irmán no estranxeiro, e en 1964 decidiu emigrar co obxectivo de mellorar a súa situación. Marchou para Alemaña cun contrato para traballar nunha fábrica de verduras, e alí vivía cun grupo de mozas nun hostel. Aos seis meses xa puido vir a Galicia de vacacións.

Foi na emigración onde Corona recuperou a relación cun mozo que tivera en Galicia. Naquel tempo, ambos marcha-

ran para o estranxeiro e a relación non fora adiante. Mais anos despois casaron e conseguiron unha habitación para viviren xuntos.

O matrimonio tivo que traballar moito e duro, mais a pesar de todo o esforzo, Corona garda moi bo recordo daquela época, pois no país queríanlles moito aos españois por seren traballadores.



Dorinda Cid Feijoo

Centro de Maiores Afundación Ourense

País de destino: Venezuela

Ano de emigración: 1971

Ano de retorno: 1986

Dorinda tiña familia en Venezuela e para alí marchou en 1971 co seu home, buscando unha mellora económica, pese a ter el traballo en Ourense. Para marcharen, tiveron que pasar os exames sanitarios esixidos e esperar a ter un contrato.

O seu home encontrou traballo na construción e ela de empregada nun importante taller de confección. En Venezuela viviron moi ben: tiñan un apartamento alugado, e alí naceu a súa filla.

Naquel país fixéronse socios da Hermandad Gallega, un lugar de encontro entre persoas galegas onde asistían a bailes, había piscina e todo tipo de servizos.



Elvira Sabucedo Fernández

Centro de Maiores Afundación Ourense

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1963
Ano de retorno: 1969

Elvira marchou a Suíza en 1963 por motivos persoais, xa cun contrato e despois de pasar todos os exames médicos. A viaxe foi en tren, e cun cartón colgado no gabán para que ao chegar a recollesen.

Unha vez alí, traballou na hostalería, comezando desde abaixo en hoteis de verán e inverno. A vida alí foi dura, moi dura, pero con moito esforzo conseguiu ascender.

A cadea hoteleira en que traballaba enviábala a España para que contratase xente para traballar alí, mais non podían ser só de Ourense, polo que percorría toda España. Tamén levou o seu irmán, quen quedou no país moitos anos máis ca ela.

OURENSE
IES AS LAGOAS

«Paréceme fascinante que voluntariamente viñerades ao instituto e nos contarades as vosas historias. Xa sei que pasastes cousas malas, pero agora tedes que gozar da xubilación»

María Rodríguez Cancio, 1º ESO

«Ás veces a xente nova coma min necesita leccións de vida que só os maiores nos podedes dar»

Violeta Menéndez Rodríguez, 1º ESO

«Como di o refrán: sabe máis o demo por vello que por demo. Todos vós tedes unha historia persoal impresionante»

Pablo Pombar Vázquez, 1º ESO

«Seguide loitando como loitastes. Sodes moi boas persoas»

Ángeles C. Borrajo, 1º ESO

«Con estes encontros cambiou a miña visión das persoas maiores. Non por ser maior hai que ser aburrido, vós sodes moi marchosos e divertidos!»

Manuel Cachaldona Borrajo, 1º ESO

«Moitas grazas por facer esta actividade para nós, contarnos as vosas historias e facer que nos deamos conta dos privilexios que temos»

Iria Orejudo Gómez, 1º ESO

Vigo



Juan Ferreiro Pérez

Centro de Maiores Afundación Vigo

País de destino: Alemaña
Ano de emigración: 1961
Ano de retorno: 1966

Juan, o menor dos varóns de seis irmáns, naceu nunha aldea de Ourense, na fronteira con Portugal. O seu pai morreu cando el contaba apenas doce anos, así que sempre tivo que buscar a vida pola súa conta.

Con dezaioito anos emigrou a Alemaña cun contrato para traballar durante un ano nunha fábrica de mobles en Hannover. A súa nai e os seus irmáns sabían que non ía ter problema para se desenvolver en calquera circunstancia.

Unha vez instalado no país decidiu quedar máis tempo, pois as oportunidades de traballo eran moitas. Estivo uns meses nunha empresa de conservas, e despois marchou a Düsseldorf, en Renania, a traballar nas minas de carbón de Gelsenkirchen. No seu día esta rexión formou parte dunha das cuncas

mineiras máis importantes no proceso de industrialización de Europa e foi especialmente activa durante o terceiro Reich. A central de carbón conta coas chemineas máis altas de Alemaña, a trescentos dous metros do chan.

Juan vivía nunha residencia con outros emigrantes galegos compartindo unha habitación para tres, e relata unha experiencia profesional e vivencial extraordinaria. Aprendeu a falar alemán con rapidez, aínda lembra moito vocabulario con facilidade, e estableceu unha estreita relación coa familia do encargado da mina e cun compañeiro alemán que tiña dous fillos xemelgos cos que pasaba moito tempo.

O traballo na mina era duro, mais o soldo non estaba mal. El cubría a quenda de noite, entraba ás 22.00 h, aínda que

era habitual que as xornadas se prolongasen ata o mediodía do día seguinte. Juan lembra perfectamente o ambiente da mina, os vagóns de carga, os raís, as dez plantas de galerías.... Na última onde estivo, había dez quilómetros de distancia que tanto persoas como mercaderías percorrían en vagóns. Había ascensores independentes para os obreiros, para o carbón e para os accidentados, e tiñan que tocar a campá cada vez que subían no ascensor da mina para avisar de que estaban en uso. Os accidentes eran habituais: nada máis chegar houbo un con cinco mortos, mais Juan nunca tivo medo, quizais pola súa xuventude. Ían con filtros de osíxeno de dúas horas de duración, coa cantimplora chea de té, e cunha lámpada no casco. Organizábanse en cuadrillas en que había españois, gregos, italianos, turcos, alemáns...

Juan garda moitos recordos do ambiente social de Düsseldorf, das rúas e do tranvía que percorría a cidade. E comenta cun sorriso que sempre vestía dunha maneira moi formal, con traxe, abrigo e sombreiro, pois era o costume nesa época.

Durante os case cinco anos que estivo en Alemaña só regresou a España nunha ocasión, mais nin a distancia da familia nin a adaptación lle supuxo ningunha dificultade. Retornou con case vinte e tres anos e encontrouse coa obriga de cumprir o servizo militar en Melilla.

Todas estas experiencias foron convertendo a Juan, a pesar da súa xuventude, nun traballador experimentado e adaptable a moitas contornas industriais. No seu retorno exerceu como peón na albanelería na empresa hidráulica de

Frieiras, cerca da súa aldea natal en Ourense; nunha fábrica de plásticos, onde gañou moito diñeiro, mais non tiña estabilidade; e despois no grupo Álvarez, en Vigo, onde pola súa profesionalidade ascendeu rapidamente de peón a xefe de cuadrilla, ata ser nomeado nun breve espazo de tempo encargado de fábrica. Foi nesta empresa onde desenvolveu a súa carreira profesional ata a súa prexubilación aos cincuenta e cinco anos, en 1998.

Juan conta con orgullo que, ao igual que moitos da súa xeración, non tivo a posibilidade de desenvolver unha carreira profesional con estudos, mais loitou e traballou moito para que os seus catro fillos os tiveran, consciente das oportunidades que dan.



Virgilio Peláez Martínez

Centro de Maiores Afundación Vigo

País de destino: Venezuela
Ano de emigración: 1955
Ano de retorno: 1967

Virgilio provén dunha asentada familia de Luarca (Asturias), onde seu pai, que estive-
ra emigrado en Cuba, era o alcalde. Vivían
nunha casa grande e cunha importante
extensión de terreo agrario, polo que alí
non lle faltaba o traballo. Nesa época As-
turias era zona de acollida de emigrantes,
un lugar de destino para moitos galegos,
sobre todo de Lugo, pola facilidade para
encontrar traballo na minería.

Os pais de Virgilio tiñan unha grande sen-
sibilidade social, súa nai era unha muller
especialmente caritativa. A casa de Virgilio
sempre estivo chea de vida: el era o me-
nor de nove irmáns, e ademais os seus
pais axudaban a persoas que carecían de
recursos, como emigrantes retornados ou
campesiños necesitados. Da súa etapa en
Luarca lembra con precisión un bohemio
de México que foi atendido na súa casa e
que lle dixo «a onde queira que vaías e te
queiran, debes querer».

Con vinte e cinco anos Virgilio sentiu a
necesidade de coñecer mundo, quizais
debido a todas as historias que oíra de
pequeno, e tamén porque non quería
traballar na agricultura. Marchou a Caracas
xunto cun amigo estudante moi aven-
tureiro que quería ir buscar fortuna no
diamante venezolano. Unha vez alí, Virgilio
foi consciente da dificultade dese soño
e, desistindo dunha aventura que podía
ser perigosa, decidiu quedar na capital e
buscar un traballo máis seguro.

A adaptación a Caracas non lle resultou
en absoluto complicada. Alí había unha
irmandade galega con moita vida social e
coñeceu decontado unha moza de Ri-
badavia que máis tarde se convertería na

súa muller. Virgilio aprendeu un oficio cun
mestre deseñador español, e chegou a
ser un traballador destacado na industria
do calzado de maior calidade, de peles e
derivados.

Garda moi bos recordos da súa experien-
cia e lembra con cariño a boa acollida que
lle brindou o país. Venezuela deulle unha
profesión e unha familia; alí naceu o seu
fillo maior. O retorno tivo lugar en 1967
debido a un problema médico da súa mu-
ller; o matrimonio tivo que traspasar a súa
vivenda e o seu negocio e comezar unha
vida nova aquí. A adaptación foi difícil.
Despois de estar uns oito meses vivindo
cos sogros na Cañiza á espera de que a
súa muller se repuxese, marcharon para
Vigo, unha cidade daquela en crecemento
que lle ofrecía máis oportunidades para
atopar traballo.

Seguir co seu oficio de deseñador en Vigo
foille imposible, así que, aproveitando unha
titulación de axente comercial que obtivera
en Venezuela, comezou a traballar no sec-
tor do transporte e no reparto de merca-
dorías. Co tempo non lle foi mal. Como xa
non tiña familia na súa Asturias natal –seus
irmáns tamén foran marchando– estable-
ceuse definitivamente en Vigo coa familia.



Berta Lamas Ares

Centro de Maiores Afundación Vigo

País de destino: Andorra
Ano de emigración: 2000
Ano de retorno: 2005

Berta sempre viviu a emigración de forma moi próxima, xa que algún dos seus tíos maternos emigraran e formaran as súas familias nos EE. UU. e O Uruguai. Tamén ela mesma foi emigrante, pois no ano 2001, despois de se separar, foi traballar a Andorra a un complexo hotelero de nova creación, onde conviviu con traballadores de Francia, Marrocos ou O Uruguai.

Profesora de educación infantil, a Berta ofrecéranlle a posibilidade de levar a cabo un proxecto educativo con nenos pequenos. Acabou botando en Andorra tres anos, percorrendo distintos lugares. Ademais de ter sido titora de gardería na Masana, traballou en perfumerías Julia, e tamén nun restaurante de nova creación, con tres cociñeiros internacionais (francés, portugués e italiano), onde era responsable do bufete frío e axudante de pastelería.

Berta pensou en se establecer definitivamente en Andorra, e incluso investiu na compra dun piso en Arinsol, mais finalmente viu moitas dificultades, xa que

o nivel de vida era moi alto, as pensións de xubilación limitadas, e os proxectos de inversión ían moi lentos. Naquel momento recibira unha parte de herdanza familiar que preferiu investir en Cataluña, a onde viaxaba con certa frecuencia. Vendeu o piso de Andorra e en 2003 trasladouse a Reus (Tarragona), onde mercou unha casa en Nou Cambrills. Alí traballou de comercial en proxectos inmobiliarios e casou co seu segundo marido, un tarraconense da bisbarra do Priorat, establecéndose alí durante case tres anos.

Finalmente retornaron a Galicia, pois a morriña pola súa terra natal pesaba, nun momento en que faleceron seres moi queridos aquí, e animada polo seu home, establecéronse en Vigo.

A volta a Galicia non lle custou. Neses intres a política de vivenda da Xunta de Galicia en alugueiros subvencionados promovía moitas facilidades e axiña comezou a traballar no sector inmobiliario, que coñecía ben polas súas experiencias en Andorra e Cataluña.



Blanca Muíña Piñeira

Centro de Maiores Afundación Vigo

País de destino: A Guinea Ecuatorial

Ano de emigración: 1970

Ano de retorno: 1975

Orixinaria de Lugo, Blanca marcha en 1970 con vinte e tres anos e acabada de casar á Guinea Ecuatorial (antiga Guinea Española), por motivos laborais do seu home. Ela considera aqueles cinco anos no país como unha experiencia única que lembrará toda a vida.

Naquel momento en que o país vivía unha etapa de gran conflito político, Blanca, profesora recentemente titulada, tivo que renunciar á posibilidade de impartir clases pola súa propia seguridade e pola da súa familia. A Guinea Ecuatorial estaba daquela baixo un réxime ditatorial extremista dirixido por Francisco Macías Nguema, grande admirador de Adolf Hitler, que gobernou o país desde 1968 a 1979.

A ditadura de Macías, que estableceu a independencia da Guinea cun golpe de Estado, tivo unhas consecuencias desastrosas para o país nesa primeira etapa de independencia. A nivel económico acabou na súa totalidade co cultivo de cacao, considerado o mellor do mundo, estableceu controis sobre o café e impuxo restricións á pesca. A nivel sociocultural prohibiu a ensinanza de asuntos científicos e culturais nas escolas e o acceso da poboación guineana a todos os cadros profesionais estatais (mestres, médicos e enxeñeiros, entre outros), o que xerou unha gran pobreza cultural e unha perda de valores nacionais na poboación indíxena, que sufría enormes diferenzas co resto da poboación. O goberno militar guineano

non soubo xestionar a riqueza dos seus recursos. A desculturización da poboación indíxena era evidente.

Blanca lembra esa etapa na Guinea con enorme cariño. A vida facíase nas embaixadas, onde os convites e as recepcións eran frecuentes, e había moita vida social nas casas familiares señoriais, xa que alí residían moitos españois, italianos, portugueses, rusos... Na súa maior parte, empresarios que se establecían no país por algúns anos, mais ao non ter alí as súas familias, as estancias dos emigrantes normalmente non se prolongaban máis de cinco ou dez anos.

Destaca tamén as condicións climáticas dun país que non tiña nada que ver

con Galicia. Cunha humidade extrema e unha vexetación espectacular, as especies animais e vexetais autóctonas parecíanlle xigantes. Moitos europeos estaban xa habituados e convivían con lagartos pola súa utilidade, xa que comen mosquitos e arañas (transmisores de enfermidades endémicas coma o paludismo, que ela mesma e o seu home padeceron pese ás vacinas obrigatorias). No referente á comida non tiña ningunha queixa, xa que no país contaban cun peixe e un marisco excepcional.

Durante a súa estancia na Guinea mantiveron unha relación moi estreita coa familia, cos seus pais, que non puideron iles visitar nunca. Na recta final do seu embarazo, Blanca viaxou a Galicia para

que o nacemento da súa primeira filla se producise en Lugo, e cando o bebé contaba con mes e medio volveron á Guinea.

Cando en 1975 se estableceron en Vigo a adaptación foi dura, tanto porque era consciente da dificultísima situación en que quedaban moitos dos seus coñecidos na Guinea, como pola tristeza de deixar alí os nixerianos e guineanos que traballaran na súa casa, xente con quen estableceu lazos de enorme cariño. Blanca soubo despois que moitos nixerianos que intentaran fuxir do réxime de Macías foran fusilados antes de que o ditador fose derrocado e fusilado polo seu propio sobriño.



Ángeles Ayán Burillo

Centro de Maiores Afundación Vigo

Filla de emigrantes
Ano de emigración: 1870
Ano de retorno: 1928

A vida de Ángeles sempre estivo marcada pola emigración. A súa familia paterna é orixinaria de Fornelos de Brollón, en Lugo, desde onde emigrou primeiro o seu avó a Cuba, e despois o seu pai e os seus tíos, uns á Arxentina e outros a Australia. Cando regresaron a Galicia, todos os irmáns volveron emigrar ao País Vasco xunto co resto da familia. O motivo de todas estas migracións foi sempre económico, e algúns deles non

retornaron á súa terra natal ata o momento da xubilación.

Mais Ángeles fálanos nesta ocasión da vida dun persoeiro vigués, don Ramón Nieto Otero, exemplo de como a emigración supuxo un retorno a Galicia dos grandes capitais logrados por galegos.


Don Ramón Nieto foi unha figura importante no Vigo do seu tempo. Naceu en 1856 na parroquia de Lavadores, e en 1870, con catorce anos, emigrou a Chile cos seus pais. Alí acabou labrando unha gran fortuna, chegando a fundar un banco e dúas compañías de seguros, e foi tamén conselleiro da presidencia da República de Chile.

Don Ramón Nieto reverteu a súa fortuna a causas sociais en Vigo, converténdose nun dos grandes benfeitores da cidade. Este constituíu un modelo filantrópico de atención a accións solidarias e altruístas que no seu día prestaron especial atención ao desenvolvemento da cultura e a educación nas súas cidades

de orixe. En 1900, don Ramón encargoulles aos irmáns Conde Domínguez construír as Escolas Nieto en Lavadores, unha escola gratuíta, un recinto cultural e benéfico, co obxectivo de combater o analfabetismo que daquela se aproximaba ao 80 % da poboación galega.

Don Ramón, que finou o 27 de xullo de 1928, legou a súa fortuna –un millón e medio de pesetas da época– para o mantemento das Escolas Nieto, que actualmente forman parte da fundación que leva o seu nome, e que constituíron xa no seu día un modelo na liña da Institución Libre de Ensinanza, cuxa herdanza aínda se mantén.

Ángeles é coñecedora desta biografía a raíz de súa nai, Ana Burillo, ter sido a profesora e directora máis lonxeva, durante vinte e seis anos, nas Escolas Nieto de Vigo. Por este motivo, a familia viviu esta historia coma un legado propio e sempre sentiu como súas as experiencias e as accións benéficas do fundador da institución.



Aníbal Pérez Gómez

Centro de Maiores Afundación Vigo

País de destino: A India, Mozambique, Namibia, Suráfrica

Ano de emigración: 1972

Ano de retorno: 2004

A historia de Aníbal fóra de Galicia comezou con trinta e seis anos de idade e prolóngouse ata a súa xubilación. Natural de Marín, importante porto pesqueiro galego, a súa vida sempre estivo ligada ao mar. Toda a súa carreira profesional tivo lugar neste sector, o que o levou a se establecer longas tempadas no estranxeiro: Cidade do Cabo, Namibia, Mozambique, Angola, Asturias, Illas Mauricio, A India ou O Uruguai.

Aníbal conta con numerosas anécdotas das súas viaxes e estancias. En 1972 trasladouse á Cidade do Cabo como inspector de Pescapuerta, e navegando con esta empresa inaugurou o primeiro barco conxelador galego. Estivo catro anos embarcado e despois con destinos en terra en diferentes países. No Uruguai, onde mantén grandes amigos, foi convidado pola delegación galega a unha cea baile. Cruzou en dúas ocasións a canle de Suez, e viviu unha longa tempada na India. En Alexandría assistiu a unha misa católica onde puido coñecer o bispo, con quen tivo longas conver-

sas. Finalmente, pasou unha tempada nas Illas Malvinas xusto despois de que finalizase a guerra entre A Arxentina e O Reino Unido e Irlanda do Norte (xuño de 1982), polo que foi testemuña dun momento de gran tensión social e de bloqueo económico. Aníbal conta como foron recibidos polo comandante inglés á súa chegada á Illa Ascensión, e como os previu sobre as minas que os arxentinos colocaran nas praias e noutros lugares, polo que tiñan que ter moitas precaucións de seguridade.

A súa familia, cando as circunstancias o permitían, desprazábase con el por tempadas de ata tres ou catro meses, para que as estancias no estranxeiro non fosen tan duras. No seu vogar polo mundo, Aníbal tivo a oportunidade de coñecer moita xente, e sempre manteivo contactos coas colonias de galegos establecidas polo mundo. Para Aníbal a integración foi sempre boa, pese a todas as diferenzas sociais e culturais entre uns países e outros.



Antonio Villar González

Centro de Maiores Afundación Vigo

País de destino: Alemaña
Ano de emigración: 1970
Ano de retorno: 1974

Antonio emigrou a Alemaña con vinte e seis anos e cun contrato dunha empresa do Porriño que precisaba oficiais para a área industrial de Dortmund. O seu traballo consistía na fabricación e montaxe de grandes pezas hidráulicas e outros labores de especialista, polo que decontado coñeceu ben todas as ramas do sector metalúrxico. A experiencia laboral de Antonio comezara como oficial

nunha fábrica de conservas en Coia, onde se especializara na mecanización de procesos de fabricación e envase de conservas.

A adaptación ao traballo e á súa vida en Alemaña foi boa. O seu traslado tivo a peculiaridade de que, dos seis oficiais que ían contratados desde Vigo, O Porriño e Moaña, el era o único que ía coa súa muller, posto que estaba casado de moi recente. O seu xefe de equipo buscou un hostel para o matrimonio, mentres que o resto da cuadrilla galega compartía piso. Nesa primeira etapa Antonio erguíase ás catro da mañá para chegar ao traballo ás seis, mais axiña se trasladaron a un piso mellor situado, onde dispoñían de cociña e un dormitorio. O aseo estaba fóra deste espazo, nas escaleiras, e compartíano cos donos do piso.

A muller de Antonio, mestra de corte e confección, logo encontrou traballo nun centro de reparación de roupa. O nivel de vida en Alemaña era máis alto que en España –nesa época o marco valía

14,30 pesetas–, e ao dispor de dous bos salarios, un deles podían aforrar practicamente todo. En xeral, alí facían unha vida moi similar á que tiñan por costume en Galicia. Todos os días collían o tranvía de ida e volta xuntos, e no Centro Español mercaban alimentos.

Antonio fixo en Dortmund moi bos amigos, tanto españois coma alemáns. O retorno tivo lugar en 1974 ao falecer o seu pai, pois ao ser o irmán maior, a súa nai quixo que volveuse para a casa. Antonio di que esta decisión non lle pesou en absoluto. En Vigo recoñecérono como técnico alemán e pronto encontrou un bo traballo nun taller de metal, onde exerceu durante case vinte anos.

Moitos anos despois, Antonio volveu a Dortmund xa como visitante, xunto con outro dos seus compañeiros de Moaña que estivera alí emigrado. Os dous ansiaban visitar a cidade e os lugares da súa vida, mais ambos se sorprenderon con todos os cambios, pois xa nada era igual a como eles o lembraban.

VIGO
COLEXIO LOS SAUCES

«Esta experiencia mostroume que as persoas maiores tedes moitas cousas que contar e moita experiencia que me pode valer para o futuro»

Carlos Salas Fernández, 2º ESO

«Unha nova experiencia onde vimos outros puntos de vista da emigración con anécdotas fantásticas e fascinantes historas»

Daniel Castro Martínez, 2º ESO

«Moitas grazas, enriqueceume moito a experiencia. Sodes moi agradables»

Carlos Martínez González, 2º ESO

«Estes encontros son unha nova experiencia que nos axuda a conectar coas persoas maiores»

María García Míguez, 2º ESO

«Descubrín que as persoas maiores podeades achegarnos máis cousas do que pensamos»

María Huergo, 2º ESO

«Pareceume unha moi boa experiencia: puidemos ver as diferenzas xeracionais ao escoitar as vosas historias e comparalas coas nosas vidas»

Andrea Martínez Lorenzo, 2º ESO

Pontevedra



Benito Vila Tejo

Centro de Maiores Afundación Pontevedra

País de destino: A Arxentina

Ano de emigración: 1957

Ano de retorno: 2002

En 1957, Benito, natural de Lois, en Ribadumia (Pontevedra), decidiu marchar con vinte e seis anos á Arxentina, onde xa residía un irmán seu. O seu primeiro traballo en Bos Aires foi como camareiro nun hotel, e despois traballou de caixeiro nun banco. Cando se xubilou exerceu como porteiro nun edificio.

Casou por poderes e tivo unha filla, e os seus pais tamén foron para aquel país. A comunidade de galegos e portugueses na Arxentina era grandísima, e a súa integración foi boa. Benito presidiu

durante moitos anos o Fogar de Ribadumia alá. Como mala experiencia no país, lembra un atraco que sufriu no ano 1967.

En 2002 a familia decidiu regresar a España pola mala situación económica que atravesaba o país sudamericano.



José Patricio Recamán

Centro de Maiores Afundación Pontevedra

País de destino: Suíza
Ano de emigración: 1961
Ano de retorno: 1971

José Patricio naceu en Santa Cristina de Cobres, Vilaboa (Pontevedra), onde estudou desde os cinco aos once anos cun só libro, que xa sabía de memoria, e axudaba os seus pais nos labores do campo. Con catorce anos marchou de aprendiz de carpinteiro a Placeres (Pontevedra), e co que gañaba custeaba os estudos de técnico de radio. Con isto puido traballar nunha empresa de radio

e electricidade, facendo instalacións e aparatos de radio que despois vendía, e foi así como puido mercar unha moto.

Unha vez rematado o servizo militar, con vinte e un anos, José emigrou a Xenebra para acompañar a súa irmá, que viaxaba para se reunir co seu home. Alí encontrou traballo de electricista para a empresa de Félix Badell, mais debido a problemas burocráticos tivo primeiro que marchar a Francia para volver entrar en Suíza, xa que sen contrato de traballo e sen revisión médica non se podía estar no país.

Nun primeiro momento vivía nunhas barracas, e despois nunha casa vella con outras vinte e cinco persoas, onde tiñan liteiras e unha cociña común. De día traballaba e de noite estudaba, e cando mellorou o francés foise para Torres Amsa, ao principio de electricista e despois de técnico de televisión.

A empresa facilitoulle un pequeno estudio para vivir, e foi mellorando e ascendendo ata se converter en responsable dos técnicos de reparación a domicilio.

José conta como axudou moitos compatriotas sen papeis, tanto para levalos a aquel país coma para lles buscar traballo. A súa experiencia na emigración foi moi boa, mais conta como outros compañeiros o pasaron realmente mal. Lembra a historia dun señor do Porriño, que fora expulsado de Xenebra, e se tirara do tren en marcha para regresar pola neve.

O regreso de José a Galicia produciuse debido a unha enfermidade grave da súa muller. Á súa volta a Santa Cristina continuou a traballar como reparador de televisións e outros aparatos eléctricos para unha empresa de Madrid, sempre actualizando os seus coñecementos para estar ao día.



Olga Leboreiro Baqueiro

Centro de Maiores Afundación Pontevedra

País de destino: Alemaña
Ano de emigración: 1968
Ano de retorno: 1981

Olga, natural de Avión (Ourense), non se quería dedicar aos labores do campo e non podía estudar por falta de medios económicos, así que con dezaseis anos, en 1968, decidiu marchar a Alemaña, onde xa residían dúas irmás súas.

Ao ser menor de idade ningunha empresa a quería contratar, mais a súa perseveranza fixo que conseguise un traballo durante un ano nunha empresa de compoñentes eléctricos en Hildesheim (Baixa Saxonia). Despois marchou a Hannover a unha empresa de material gráfico, onde traballou durante dez anos e foi ascendendo de categoría laboral.

En Alemaña casou e tivo un fillo, e en 1981 regresaron a Galicia, xa que non soportaba a separación da súa familia e quería que o seu fillo estudase en España. Ao seu retorno puido emprender varios proxectos empresariais que lle foron ben.

Olga considera a emigración coma unha experiencia positiva. A súa integración no país foi tan boa, e sentiuse tan ben acollida, que agora se arrepinte de non ter quedado e sente unha gran nostalxia por aquel país.

PONTEVEDRA
IES A XUNQUEIRA I

«Moitas grazas por contarnos as vosas historias, por atender as nosas preguntas e axudarnos a saber o dura que era a vida antes. Agora temos vida de reis comparada coa que tivestes vós»

Iago Antonio Boullosa Pereira, 2º ESO

«Aprendemos moito: que a vida hai que gañala, traballar e pasalo ben, e se hai que viaxar... por que non?»

Virginia Pesqueira Loureiro, 2º ESO

«Estes encontros son unha forma de saber e poder comparar o que temos hoxe co que tivestes vós e polo que pasastes»

Laura Castro Cancela, 2º ESO

«Tivestes que pasalo mal para agora ter unha boa vida. Só quero dicirvos: grazas»

Alejandro Diéguez Suárez, 2º ESO

«Sodes unhas persoas moi agradables e fixestes que nos deramos de conta de cousas que non sabiamos»

Álvaro Cidre Fuentes, 2º ESO

«Despois de todo o que tivestes que pasar e todo o que loitastes, gozade da vida agora que podedes»

María Fontanes Gandos, 2º ESO

**Fálame da emigración
nos medios**

//Afundación Today



O VALOR DA EXPERIENCIA

Fálame da emigración

ÉXITO ABSOLUTO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN



Mayores explicarán sus vivencias en la emigración en escuelas mediante un programa de Afundación

EP SANTIAGO

La Fundación Galicia Obra Social (Afundación) presentará hoy en la capital gallega el programa "Fálame da emigración", en el que 65 mayores voluntarios y alumnos de centros escolares de toda Galicia dialogarán sobre vivencias en la emigración.

La iniciativa se enmarca en la línea estratégica "O valor da experiencia" del área de mayores

de Afundación, por la que la entidad quiere "poner en valor la trayectoria vital y profesional de los mayores" a través de programas intergeneracionales y de voluntariado, que beneficien a otros grupos de la sociedad.

Este programa se desarrollará inicialmente en los ayuntamientos de Galicia donde se sitúan los centros de mayores de la entidad, en los que participan más de 11.000 personas, en colabo-

ración con institutos de enseñanza secundaria de estas localidades. Será en esta primera fase en la que participarán 65 mayores, 11 IES y 561 jóvenes, mayoritariamente de segundo y tercero de ESO.

EXPERIENCIA

Entre los objetivos que se marca este programa está que las personas mayores le transmitan a la juventud los conocimientos y ex-

periencias adquiridas a lo largo de toda la vida, al tiempo que se enriquecen del diálogo con gente joven y se favorece "el entendimiento mutuo".

También aspira a que los jóvenes se beneficien del legado y de la experiencia de las personas mayores, que las conozcan y comprendan mejor, dialoguen y cooperen con ellos, favoreciendo el respeto a las personas en todas las etapas de la vida.

Mayores explicarán sus vivencias en la emigración en colegios gallegos

Un nuevo programa de Afundación busca promover el diálogo intergeneracional

Agencias
SANTIAGO

La Fundación Galicia Obra Social (Afundación) presentará hoy en Santiago el programa *Fálame da emigración*, en el que 65 mayores voluntarios y alumnos de centros escolares de toda Galicia dialogarán sobre vivencias en la emigración.

La iniciativa se enmarca en la línea estratégica *O valor da experiencia* del área de mayores de Afundación, por la que la entidad quiere "ensalzar la trayectoria vital y profesional de los mayores" a través de programas intergeneracionales y de voluntariado, que beneficien a otros grupos de la sociedad.

Este programa se desarrollará, inicialmente, en los ayuntamientos de Galicia donde se sitúan los centros de mayores de la entidad. En la primera fase participarán 65 mayores, once institutos y 561 jóvenes, mayoritariamente de 2º y 3º de ESO. Entre los objetivos del programa está que los mayores transmitan a los jóvenes los conocimientos y experiencias adquiridas a lo largo de toda su vida.

La Opinión, 02/03/16

Mayores hablarán a los jóvenes de la emigración

AFUNDACIÓN. La Fundación Galicia Obra Social (Afundación) presenta hoy, a las 11.30 horas, el programa *Fálame da emigración*, en el que 65 mayores voluntarios cuentan a alumnas y alumnos de centros escolares de toda Galicia sus vivencias en la emigración. La cita será en el IES Rosalía de Castro con la presencia de Ángel Sicart, vicepresidente de Afundación; el director del IES Ro-

salía de Castro, Ubaldo Rueda; Luis Ángel Montero Viña, voluntario participante en el proyecto; Pedro Otero, director-gerente de Afundación, y Sabela Couceiro, coordinadora da Área de Envellecemento Activo de Afundación. La iniciativa se enmarca en el proyecto *O valor da experiencia*, con el que la entidad quiere poner en valor la trayectoria vital y profesional de los mayores. **ccg**

El Correo Gallego, 02/03/16

SANTIAGO

11.30h. Hotel Puerta del Camino. Rueda de prensa de presentación de la convocatoria del Plan Renove de Pizarra y análisis de la importancia del sector de la pizarra en Galicia.

11.30h. IES Rosalía de Castro. Rueda de prensa de presentación del programa *Fálame da Emigración* en la que 65 mayores voluntarios y alumnas y alumnos de centros escolares de toda Galicia dialogarán sobre vivencias en la emigración.

El Correo Gallego, 02/03/16

Experiencias en la emigración de 65 mayores llegan a escolares de ESO

Los estudiantes se sorprenden de la duración de los viajes y las condiciones de vida

E. P. • Santiago

Estudiantes de ESO de toda Galicia podrán conversar sobre las experiencias en la emigración de 65 mayores voluntarios mediante las actividades que recoge el programa intergeneracional "Fálame da emigración" promovido por la Fundación Galicia Obra Social (Afundación) de Abanca e integrado en la línea "O valor da experiencia" del área de desenvolvemento activo de la entidad.

"Por qué no aprovechar la experiencia de los mayores?" se ha preguntado este martes durante la presentación del programa el vicepresidente de Afundación, Ángel Sicart, quien ha reivindicado la importancia de la relación intergeneracional y ha aludido, por ejemplo, a la importancia que se da al conocimiento de los mayores en las culturas orientales.

Sicart ha subrayado también que las universidades de Estados Unidos no precisan de sus profesores más veteranos por una cuestión de edad, sino cuando estos deciden irse o les "obliga" la salud a dar el paso. Señaló como "esencial" que las nuevas generaciones "construyan" el pasado para que "crean" el presente y puedan "proyectar" el futuro. Con esta visión ha coincidido Usualdo Rueda, director del IES Rosalía de Castro de Santiago, donde tuvo lugar la presentación, y quien ha felicitado a la entidad por esta iniciativa, que ya están en marcha como "proyecto piloto".

Apelaron al "intercambio real" de experiencias entre jóvenes y mayores, antes de dar paso a la intervención de uno de los voluntarios, Luis Ángel Montero, quien destacó que los alumnos se "sorprenden" por las condiciones de vida de los años 50 en España o por la duración de los viajes a la diáspora.

Faro de Vigo, 03/03/16

Los mayores les cuentan a los alumnos gallegos por qué cogieron las maletas

Emigrantes retornados narrarán su experiencia migratoria a escolares de la ESO

ELISA ÁLVAREZ
SANTIAGO / LA VOZ

Qué mejor forma de explicar la emigración gallega de los años 50 y 60 que de la mano de sus protagonistas. Afundación, la obra social de Abanca, ha puesto en marcha el programa Fálame da emigración para acercar a los mayores emigrantes a las aulas de los institutos gallegos. Este curso participan once centros, 65 mayores voluntarios y 462 estudiantes, pero el próximo la previsión es llegar a los dos mil alumnos, mayoritariamente de segundo y tercero de la ESO.

José María Dapena estuvo en el IES Rosalía de Castro, en Santiago, para contar su vida en la Galicia de los 40 y su marcha con 16 años a Panamá. Una de las cosas que más llama la atención a los jóvenes es la duración de los viajes en aquella época. Dapena, de Soutelo de Montes, se pasó dos días para llegar a Panamá, ya que el avión tenía que hacer muchas escalas para repostar. Saló de Madrid y pasó por Lisboa, Dakar (Senegal), Paramaribo (Surinam), Caracas y Panamá. «Os rapaces abrían a boca e quedábanse pasmados», dice. Corría el año 1951, «fálalles raras as nosas historias porque agora emigran doutra maneira e xa van preparados», cuenta José María, que cuando llegó a Panamá con su padre comió pan blanco hasta hartarse porque en su pueblo se hacía solo de maíz y centeno.

Como él, otros ocho mayores llevaron sus historias a los estudiantes de este instituto de Santiago. No son relatos improvisados, sino que se incluyen las actividades en el currículo de la materia, casi siempre Xeografía e Historia o Lingua Galega, y se planifican para que los re-



Los mayores ya comparten su experiencia sobre la emigración con alumnos del IES Rosalía de Santiago

lados no se repitan, ninguno de los participantes destaca sobre los otros y para que todos los implicados se sientan beneficiados «queremos romper estereotipos e mellorar a imaxe que se ten das persoas maiores», explica Sabela Conceiro, del área de Emplazamiento Activo de Afundación.

El intercambio de experiencias es mutuo entre mayores y jóvenes. Porque la inmigración y la emigración también se dan actualmente. «Un dos rapaces contounos que a súa nai era polaca, o pai venezolano e el, claro, gallego», dice José María, quien recuerda cómo comenzó vendiendo muebles a plazos por las calles en Panamá y acabó con empresas de construcción. Luis Ángel Montero, otro de los mayores que desgranaron su experiencia en el aula, trabajaba en unos almace-

«Aos rapaces fálalles raras as nosas historias, porque nós emigrabamos doutra maneira»

José María Dapena Pichel
Mayor participante en el programa

nes compostelanos como vendedor, pero quería aprender inglés y se apuntó a un proyecto de la USC que le permitió irse a Reino Unido a trabajar en la hostelería. El consejo que les dio a los jóvenes es que «nunca hai que encollerse, tampouco botarse para adiante, pero nunca encollerse». La experiencia fue enriquecedora para unos y otros. «noti-nos observadores, acentos a todo. Oláase as moicas cando falaba-

mos e aplaudiron moito, pero o aplauso merecíano eles por atur-nos», dice Montero.

Este curso el programa llega a once localidades —las siete ciudades, Monforte, Viveiro, Betanzos y Pontevedra— pero el próximo la intención es que se sumen todos los institutos interesados. En cada centro se realizan dos encuentros y una exposición fotográfica itinerante. De lo que se trata es de poner en valor la trayectoria vital de los mayores, que los jóvenes se benefician de su legado y que el aula incorpore nuevos modos de aprender. Ángel Sicart, vicepresidente de Afundación, recordó que en las culturas orientales los mayores son un soporte de sabiduría y que en Estados Unidos los profesores universitarios no se van porque hayan llegado a una edad.

La Voz de Galicia, 03/03/16

Afundación lleva a las aulas la sabiduría de la emigración

VÍCTOR FURELOS
Santiago

Afundación presentó ayer en el compostelano Instituto Rosalía de Castro el programa intergeneracional Fálame da emigración. Y no la pudo escatificar mejor.

Ángel Montero Viña, un santiagués hecho a sí mismo que pasó parte de su vida en Londres, explicó en qué consiste este programa en el que participan en calidad de voluntario. El fue uno de los 65 elegidos para relatar la historia de su vida a parte de los 461 alumnos de 2º y 3º de ESO de once centros educativos que participan en un programa en el que el IES Rosalía de Castro es pionero.

Con unas cariñosas palabras, destacó el excelente comportamiento de los escolares, que durante su relato asumieron el papel de observadores antes de pasar a la acción ya que en el siguiente paso se le pide a los alumnos que investiguen sobre su historia familiar en relación con la emigración.

A continuación, los jóvenes expusieron sus relatos a los mayores para trabajar codo con codo con ellos reflexionando sobre los elementos comunes de las diferentes historias y visitar después la exposición Nis tamén fomos emigrantes.

En el acto de presenta-



Rueda, Sicart, Ángel Montero y Sabela Couceiro. Foto: F. Blanes

ción también estaban Ángel Sicart, vicepresidente de Afundación; el director do centro, Ubaldo Rueda; y Sabela Couceiro, coordinadora del Área de Envelhecimento Activo de Afundación.

Ángel Montero confesaba en su intervención que "mi vida no es interesante" y tras recordar su paso por el colegio de la Inmaculada como estudiante y por calzados El Encanto como trabajador, relató como decidió emigrar gracias a un programa de la USC después de estudiar inglés por correspondencia.

Se fue a Londres por cuatro meses y regresó ocho años después de forma voluntaria pese a los ruegos de la empresa en la que trabajaba.

Después de mostrarse muy orgulloso por haber podido dar estudios universitarios a sus cuatro hijos; y de recordar que tiene once nietos, Ángel Montero calificó su estancia en tierras inglesas como una "experiencia vital muy enriquecedora" para indicar que los jóvenes pueden afrontar la emigración hoy en día "con mucha más preparación que nosotros".

El Correo Gallego, 03/03/16

Mayores hablarán de la emigración a escolares

EUROPA PRESS

SANTIAGO. La Fundación Galicia Obra Social (Afundación) pondrá en marcha el programa 'Fálame da emigración', en el que 65 mayores voluntarios y alumnos de centros escolares de toda Galicia dialogarán sobre vivencias en la emigración.

La iniciativa se enmarca en la línea estratégica 'O valor da

experiencia' del área de mayores de Afundación, por la que la entidad quiere «poner en valor la trayectoria vital y profesional de los mayores».

Este programa se desarrollará inicialmente en los ayuntamientos de Galicia donde se sitúan los centros de mayores de la entidad, en los que participarán más de 11.000 personas.

Diario de Pontevedra, 06/03/16

Presentan el proyecto "Fálame da emigración" en Afundación

La sede de Afundación acogerá hoy, a partir de las diez, la presentación del programa "Fálame da emigración" en el que 65 mayores voluntarios alumnos de centros escolares de toda Galicia dialogarán sobre vivencias de la emigración. La iniciativa se enmarca en la línea estratégica "O valor da experiencia" del área de Envelhecimento Activo de Afundación.

Diario de Ferrol, 14/03/16

La Voz de Galicia (Ed. Ferrol), 15/03/16

El personaje

Esmeralda Aldariz Martínez

Voluntaria que participa en el programa 'Fálame da emigración' de Afundación

«Yo fui una emigrante súper feliz»

Tiene 70 años y durante su juventud vivió en Venezuela y Estados Unidos; junto a otros mayores estos días cuenta su experiencia en el extranjero a alumnos de Ferrol

ROSA, LA VOZ

Esmeralda Aldariz —nacida en Vigo, pero formadora de educadoras— tiene 70 años. Aunque aparente muchas cosas y una memoria excelente, hace pocos días relató cómo fue su experiencia de emigración a Venezuela y Estados Unidos, para las generaciones de su hijo en Venezuela y Estados Unidos, pero también para los alumnos de los centros de mayores de la entidad. En la presentación del programa "Fálame da emigración" en la sede de Afundación, la voluntaria contó su experiencia de emigración a Venezuela y Estados Unidos, para las generaciones de su hijo en Venezuela y Estados Unidos, pero también para los alumnos de los centros de mayores de la entidad.



Esmeralda Aldariz, que en el Centro de Mayores de Afundación, con alumnos del Centro de Mayores de Ferrol.

Participación. En el programa de Fálame da emigración participan 65 mayores y 461 alumnos de Galicia. En Ferrol, son los alumnos del Centro de Mayores de Afundación los que han participado.

El tema. El programa es la historia que como el programa fue a los mayores.

En la presentación del programa "Fálame da emigración" en la sede de Afundación, la voluntaria contó su experiencia de emigración a Venezuela y Estados Unidos, para las generaciones de su hijo en Venezuela y Estados Unidos, pero también para los alumnos de los centros de mayores de la entidad.

En la presentación del programa "Fálame da emigración" en la sede de Afundación, la voluntaria contó su experiencia de emigración a Venezuela y Estados Unidos, para las generaciones de su hijo en Venezuela y Estados Unidos, pero también para los alumnos de los centros de mayores de la entidad.

En la presentación del programa "Fálame da emigración" en la sede de Afundación, la voluntaria contó su experiencia de emigración a Venezuela y Estados Unidos, para las generaciones de su hijo en Venezuela y Estados Unidos, pero también para los alumnos de los centros de mayores de la entidad.

En la presentación del programa "Fálame da emigración" en la sede de Afundación, la voluntaria contó su experiencia de emigración a Venezuela y Estados Unidos, para las generaciones de su hijo en Venezuela y Estados Unidos, pero también para los alumnos de los centros de mayores de la entidad.

En la presentación del programa "Fálame da emigración" en la sede de Afundación, la voluntaria contó su experiencia de emigración a Venezuela y Estados Unidos, para las generaciones de su hijo en Venezuela y Estados Unidos, pero también para los alumnos de los centros de mayores de la entidad.

Afundación acerca a los más jóvenes las historias contadas de la emigración

Con la emigración como hilo, Afundación -a través del centro de mayores de Ferrol- y el instituto Sofía Casanova- pusieron ayer en marcha una actividad interge-

neracional que forma parte del programa Fálame da emigración. Cuatro voluntarios com-

PÁG. 4

Las historias de la emigración se acercan a los jóvenes desde la obra social de Afundación

El IES Sofía Casanova ha sido el primer centro en participar en el proyecto intergeneracional

REPORTAJE
REDACCIÓN

Con la emigración gallega como hilo conductor, Afundación -a través del centro de mayores de Ferrol- y el instituto Sofía Casanova han puesto en marcha una actividad intergeneracional que forma parte del programa "Fálame da emigración".

Cuatro mayores voluntarios Carmen Vidal Barros, Isidro Soler Perille, Andrés Gallego Pérez y Esmeralda Aldariz Martínez compartieron con los alumnos de segundo de ESO sus respectivas experiencias en Holanda, Venezuela, Australia y Estados Unidos. Unas exposiciones y lecturas de vida que los llevaron al instituto, donde expusieron todos esos hechos que se enmarcan en su trayectoria vital.

Los alumnos se mostraron muy interesados, además de poder comparar esa realidad de hace años con la actual, ya que en el centro hay cuatro emigrantes de Cuba, Brasil, Marruecos y Ucrania.

Mayores y jóvenes compartieron experiencias y así los puentes se sintieron escuchados y contentos de aportar su experiencia y ver que puede tener valor educativo. Por su parte, los alumnos descubrieron curiosos pases y desconocidos por su juventud, como la edad a la que se comenzaba a trabajar, el choque cultural que supuso la emigración a países tan desarrollados, la separación de las fami-

lias o el papel de los indianos y las construcciones que todavía perviven.

Tras la labor expositiva llevada a cabo en las aulas, ayer el centro de mayores de la avenida de Vigo reunió a los alumnos en grupos de trabajo con cada voluntario para realizar una serie de fichas planteadas desde el centro escolar, con aims como la investigación de los propios vínculos de familiares que hayan emigrado, reflexiones sobre las motivaciones de este fenómeno, dificultades y aspectos positivos del proceso o comparación con fenómenos migratorios contemporáneos.

El proyecto "Fálame da emigración" fue presentado por Xosé Luis Lillo, acompañado de la directora del IES Sofía Casanova, Teresa Sebio y la profesora Almudena Armada, y con la colaboración de una de las mujeres emigrantes Esmeralda Aldariz. Se ha desarrollado en esta primera fase con los centros educativos de once ciudades o villas y posteriormente se extenderá a todos los institutos que quieran participar en el proyecto, con la incorporación de nuevos voluntarios.

El proyecto, enmarcado en el plan estratégico de la Obra Social Abanca como una de sus líneas prioritarias, tiene tres objetivos: que las personas mayores transmitan sus conocimientos y experiencias, que los jóvenes se beneficien del legado y vivencias de las personas mayores y que la comunidad educativa incorpore nuevas modalidades de apren-



Los representantes del IES Sofía Casanova, de Afundación y una de las voluntarias

© 2016. 01/04/2016

Cuatro historias de voluntarios contadas en directo por sus protagonistas

Isidro Soler Perille emigró a Venezuela en 1976. Su para seis meses, que se transformaron en 12 años. Un amigo le aconsejó quedarse en un país "de oportunidades", le dejó dinero y le consiguió un trabajo en la construcción naval. Después se trasladó su familia y de hecho se desplazaron a Caracas. La creciente inseguridad ciudadana fue lo que les animó a regresar a Galicia.

Carmen Vidal Barros emigró con su marido, tras haberse quedado sin trabajo, a Rotterdam, donde habían estado como turistas. Empezó a trabajar en una fábrica de confección y su marido en los tramitas. "Bendito el momento en que tomamos esa decisión", asegura.

Andrés Gallego Pérez se marchó en 1963 para Australia, atraído por la necesidad de conocer mundo y por la situación política de España. Su mujer y su hija de cinco años le acompañaron. Tuvieron un buen salario y una vida intensa y solo cuando fallecieron su hija y su mujer decidió regresar a Galicia.



También Esmeralda Aldariz guarda buenos recuerdos de su emigración, primero a Venezuela y después a Wisconsin y Florida, siguiendo a sus hermanos en el camino. Sus condiciones laborales le permitieron vivir bien, aunque en unas vacaciones conoció a su marido y ya no volvió a cruzar el charco. - REDACCIÓN

aje, favoreciendo el diálogo, la cooperación y en entendimiento entre las distintas generaciones.

Con el objetivo de que el programa sirva a alguien y tenga un carácter colaborativo, Afundación publicará la página web falamedamigracion.afundacion.org, que recogerá el material didáctico del proyecto y el material documental que surja de cada encuentro (fotografías,

vídeos, testimonios, etc). Además, los alumnos de los centros escolares participantes podrán compartir en esta web las historias de la emigración de sus familias. -



